

Xantar, turismo enogastronómico de Galicia



Páxina 20

Expourense celebra do 3 ao 7 de febreiro a 17ª edición de Xantar que foi presentada en Ourense por a delegada da Xunta, Marisol Díaz Moureira, o presidente do comité executivo de Expourense, Juan Carlos Parada, o xerente do INORDE, José Manuel Rodríguez, a xefa de servizo

de Turismo do Concello de Ourense, Nita Torres, o representantes do Clúster de Turismo de Galicia e presidente da Federación de Hostaleiros de Ourense, Ovidio Fernández Ojea, e o director de Xantar, Alejandro Rubín Carballo.

A Xunta de Goberno local da Coruña aproba a estratexia Eidus-Coruña

Páxina 6

Reunión do Acalde e hosteleiros guardeses co Presidente de Portos de Galicia

Páxina 25

NORTE DE PORTUGAL

Fotógrafo Joaquim Roriz doa espólio de 70 anos de actividade

Páxina 28

**Concello de OURENSE**

Ofertas aloxamento desde 45€
Menús de Entroido
Xantar na cidade
Termalismo


entroido 2016

Do 4 ao 10 de FEBREIRO

Capital do Entroido OURENSE

Vén descubri-la!

www.ourensecultura.com



Opinión

Por: Xosé González Martínez

Presidente Foro E. Peinador

Descoñécese polo momento o programa de actos que a Xunta de Galicia vai preparar para celebrar o Ano da Irmandades da Fala a instancias do Parlamento de Galicia, que aprobou por unanimidade unha resolución para conmemorar o centenario da fundación daquela organización que procurou novos espazos para a lingua galega, continuando por outros roteiros o labor dos homes e mulleres do Rexurdimento.

Tiveron o mérito de elaboraren propostas orixinais (declarar a soberanía estética de Galicia e avogar pola igualdade de xénero, por exemplo.), e outras novidosas para normalizar a lingua galega nos usos administrativos, xurídicos, actividades socioeconómicas, na música, os espazos de lecer e nas disciplinas científicas. A composición interdisciplinar dos seus membros fixo posible que as alternativas do seu discurso abranxese a transversalidade da actividade social. Eran conscientes de que esta tarefa precisaba dunha pedagogía cultural audaz para facer fronte aos tópicos que aferrollaban e tollían a autoestima do pobo.

En palabras daqueles próceres, ningún tó-

pico tan sobado como o amor a Galicia. Escoitámolo aínda hoxe a cotío nos máis diversos tons declarativos, xa sexa para mitigar sentidas protestas de galeguismo, ou para encubrir a turba aparencia de accións inxustificables.

Vicente Risco cuestionaba os comportamentos dos sectores sociais que deostaban a cultura galega coa argallada recorrente de que “amaban a Galicia como el que más”. Velaí o tóxico, o cliché, a frase estereotipada con que todos os malos galegos e galegas queren desimular a falta de conciencia patriótica. Peña Novo, unha das mentes máis lúcidas do galeguismo das Irmandades da Fala, fixera o diagnóstico de tales comportamentos: “son os que teñen medo a manifestárense integramente galegos; galegos na lingua, galegos na arte, galegos na política; galegos en todas as afirmacións da nosa vida individual e colectiva. Medo a ser, nunha palabra, demasiado galegos”.

Nós e as Irmandades da Fala

Os complexos lingüísticos e culturais están aínda ben chatandos nunha parte da sociedade. Para removelos é preciso unha reformulación dos métodos empregados que nas últimas décadas non foron válidos. Porque nunca tivo a lingua galega tantos medios e recursos humanos para dignificala e normalizala como durante as últimas décadas, e, sen embargo, os resultados acadados foron máis ben magros. As organizacións sociais, sindicais e políticas careceron de realismo e foron dadas a practicaren o victimismo e ocos rituais como medios para acadaren o obxectivo da galeguización. De aí o fracaso.

A falta de coherencia é outros dos nosos andazos. Imaxinan vostedes a un gaudeiro participando nas concentracións en defensa do sector lácteo á hora do xantar bebendo viño de Rioja? Pois si, eu presenciei esa contradición. E tamén a dun grupo de escritores en lingua galega que

despois de participar nunha mesa redonda denunciando o abandono do sector do libro acuden a mollar a palabra con viños etiquetados en castelán?

Tamén eu presencie ese feito. E que dicir dos que podendo ter unha escritura de propiedade ou outorgar un testamento en galego desaproveitan á oportunidade e consintan que llelos fagan en castelán?. Ou dos que perpetúan nos cemiterios a memoria dos galegos falantes en castelán?

As Irmandades da Fala insistiron moito na importancia das conductas individuais, na fortaleza das conviccións para remover os atrancos e avanzarmos na recuperación dos nosos sinais de identidade. Estamos en tempos de mudanzas sociais que nos deben obrigar a artellar novas maneiras de exercer o maxisterio galeguista con propostas imaxinativas e integradoras.



Por: Roberto Carlos Mirás

“La Ilusión Fecunda. El pensamiento de Samkara”

A través do seu “Sabiduría del bosque” (Trotta) en colaboración con Félix G. Illarraz o profesor Óscar Pujol (Tarragona 1959) intenta nos seus traballos unir dous conceptos un pouco esquecidos quizais: Coñecemento e Sabiduría. Durante moitos anos viviu a cabalo entre a India e Occidente facendo que coñeza ambas dúas culturas. E actualmente é Director do Instituto Cervantes en Río de Xaneiro. O noso autor soubo compaxinar eses dous nomes antes aludidos e froito delon os seus numerosos traballos destacando o seu Diccionario sánscrito/catalán que verá a luz pronto en castelán. “Del Ganges al Mediterráneo” (Siruela) ou “Patanjali/Spinoza (xunto con Atilano Domínguez) e “El Laberinto del Amor” (Libros del Silencio) ademais de charlas, artigos e innumerables conferencias. Na India hay 415 linguas das cales a Constitución recoñece dezoito como oficiais. E cando aquí nos pelexamos por que lingua utilizar neste lugar do mundo e segundo as palabras do político e escritor Krishna Kripalani pa-

receno ter bastante claro: “Non é inusual nun fogar indio ver os pais conversar entre eles nunha lingua e falar cos sirvintes noutra” Agora mesmo pronto tere-mos nas librerías en castelán outro dos seus traballos onde abre de novo esa porta ao coñecemento: “Patanjali. Los aforismos del Yoga. Yoga-Sutra” (Editorial Kairos) Pero Pujol de novo nos sorprende cunha monografía que a marxe da súa lectura plantéxanos moitos interrogantes. Na súa “Ilusión Fecunda” Pujol a través de Samkara, filósofo indio, (688-720) comparable segundo o noso autor para o lector occidental con Tomás de Aquino describenos a Vida e a Obra dun home que viviu entre a santidad e a filosofía. Preguntas e respostas que ao día de hoxe e pese ao tempo transcurrido son de verdadeira actualidade. “Samkara inicia unha descripción de dentro afora nese xogo de identificacións cotiás que constitúe o noso yo. Identificámonos con outras persoas externas a nós, pero próximas, parentes, amigos... e formamos unha constelación de persoas satélite que xiran o noso al-



rededor” E ao mesmo tempo facemos nosa unha das preguntas que o noso autor plantexa: “que foi primeiro o texto ou o autor? A pregunta é en certa forma absurda pois todos sabemos que o autor precede ao texto” Ao saborear as súas páxinas nos ensina o importante que son os idiomas neste caso o sánscrito que o noso autor comenzo a estudar de broma e agora é o máis importante da súa vida. “Hai unha conciencia que permanece inalterable en tres estados: a vixilia, o sono e o sono profundo. Unha esencia que compartan o dormilón, o soñador e o esperto. Todo o demais por atractivo o repulsivo que sexa é ilusorio”



Por: Anxo Mena

A investigación e a prestación por desemprego

A situación de precariedade do emprego nestes momentos é común en todo tipo de traballos e en todos os sectores. As situacións que teñen que sufrir os investigadores durante a súa carreira non escapan a este problema, á precariedade e ás continxencias comúns do mercado de traballo. Aínda así, non sendo exclusivos, a investigación experimenta uns paradoxos propios que veñen a dificultar o xa complicado mundo laboral para o persoal que tenta desenvolver a súa carreira profesional nestes eidos.

Xeneralizando, cómpre subliñar que a valoración e ponderación dos investigadores en ciencia para optar as diferentes prazas e bolsas, realízase en base a uns parámetros de produción ligados intimamente á cantidade de investigacións e resultados que se difunden en artigos publicados en revistas especializadas. Canto maior impacto teña a revista, máis xente a vexa, máis xente a cite ou máis xente se basee nela para realizar as súas propias investigacións, maior será a valoración que terá a revista

e o artigo que se publique nela. Aínda que con diferenzas en como se sopesa a produción científica, todos os índices que van a axudar ao persoal a optar a un traballo responden a unha mesma premisa: canto máis, mellor. Cantos máis artigos se teñan publicados, ademais de completar o currículo con moitas outras actividades, mellores e máis posibilidades de atopar financiamento aparecerán. Á hora de procurar ter un currículo máis competitivo para poder seguir a desenvolver o seu labor profesional sen un contrato vinculante co mundo da investigación é onde os investigadores se atopan con estes paradoxos que se nomeaban anteriormente. Para un investigador, e para calquera traballador, o tentar mellorar o currículo unha vez que se está no paro é

algo obrigado para facerse máis competitivo na procura de emprego. O problema, o paradoxo no caso dos investigadores reside cando dende o paro, na vez de mellorar ese currículo cun carácter formativo como sucede na maioría dos casos, esa mellora tense que realizar facendo o mesmo traballo que se estaba a facer antes de rematar o contrato: tentando publicar, investigar e realizar o resto de tarefas propias da investigación. Se se une a este paradoxo que a investigación, aínda que se pode levar a cabo en gran medida dun xeito autónomo, tende a realizarse máis facilmente nos centros de investigación, dáse a singularidade entón de que o investigador desempleado probablemente acabe acudindo ao mesmo centro ao que ía traballar antes de quedar no paro. Outro paradoxo que axuda a ter unha idea da precariedade e das peculiaridades da investigación neste país e no estado. Funciona así a prestación por desemprego como un contrato máis de investigación aínda que cunha legalidade máis que dubidosa.



Editorial

Por: Guillermo Rodríguez

Director



O pote está fervendo

Nestes momentos asistimos a unha loita mediática que non tiñamos visto ata agora.

A Política do Reino de España, como escribiría Castelao, tíñase dedicado a asegurar unha alternancia de poder (PP-PSOE + ?) segundo foran as necesidades matemáticas no Parlamento. Pujol chegou a ter un enorme Poder en Madrid e Aznar chegou a “falar catalán na intimidade”; Felipe González fixo seu aquel dito “non importa que sexa gato branco ou negro; o que importa é que caze ratos”. Eran aqueles tempos, froito da Transición (santa sanctorum) que parece ser foi coma un ungüento de Fierabrás político. Ninguén soñaba en que un día, unha inmensa cantidade de cidadáns desta pel de touro, como dicían os libros da miña infancia, mostraría os dentes e berraría alto e forte “Xa non nos representades”, referíndose aos sacrosantos políticos de salón.

Pero ese momento chegou. Hoxe xa se dá por feito que os votantes galegos, cataláns, vascos ou casteláns non comungan con pedras de muíño; queren feitos e non promesas; queren sentirse úteis á sociedade en que viven; non queren ser carne de paro, de emigración, de suburbio esquencido por todos.

Este é o problema que hoxe se presenta á hora de conformar un novo goberno do Estado. Os “santos varóns” socialistas (mellor diríamos do PSOE, porque algún de socialista teñen o que eu teño de fraile de clausura) están poñéndolle todo tipo de paus nas rodas do Secretario Xeral que, como home saído das últimas fornadas do partido, se decatou do cambio profundo operado na sociedade española, e sabe que os varóns teñen que ser subidos, con cui-

dado de non rompelos, ao faiado dos recordos de Karina. Claro que algúns levan anos, logo de asegurarse o cocido e ben cocido pasando polas portas xiratorias, oficiando de oráculos de Delfos, conseguindo ser escoitados pola xente, unha grande maioría, coa boca aberta. Isto lémbraños aquilo “Roma locuta, causa finita est”. Iso era ata estes momentos. Agora xa non.

Claro que esta “roma política” non ten poderes “sobrenaturais” e ninguén, agás uns cantos alienados politicamente, lle concede o don da infalibilidade. Vistas así as cousas, os santos varóns do PSOE veñen de sufrir unha pequena / grande desfeita: o xove Secretario Xeral, que veñen ninguneando dende que foi elixido coma tal, subíuselle ás barbas e esfareloulles o Plan de ataque que tiñan preparado para a última xuntanza do Comité Federal.

Cal é o problema dos vellos “socialistas”? Pois, non é outro que o medo a perder comba nas decisión que atañen á gobernabilidade do Estado Español nos próximos catro anos. Catro anos que poden ser suficientes para xubilalos a todos e non entregarlles as chaves precisas para abrir as portas xiratorias que tanta “enjundia”, que diría un castizo castelán, teñen. Ese é o problema. Gobernar con Podemos que, en principio defende o que eles non se atreveron a defender en todos estes anos en que gobernaron e co-gobernaron, é algo que polo que os leva o demo. Quedar fóra de bolos e que ninguén os considere “aiatolás”, gardadores das

esencias, é algo para eles insufrible. E algunhas das novas camadas que creceron mandando nos ubres de poderes autonómicos ver que se lles escabulle entre os dedos a posibilidade de picar máis alto é algo que as saca de quicio. Pero así están as cousas de palacio. Aquí nesta Terra Nosa (dona e señora, como gustaba chamalle o finado Pepe Cuíña) as cousas non están mellor.

Para uns temos que mantermos fieles á causa, gardiáns das esencias do nacionalismo galego que, segundo lle parece está en perigo; para os máis temos que deixar de vernos o embigo e voar alto como as gaivotas (non as do PP, cuidado!!). Entender que aquí e agora os problemas políticos urxentes son conseguir que Galicia sexa escoitada alí onde deciden por ela: Parlamento Español e Parlamento Europeo, sobre todo. Como? Da única maneira posible: estando presentes neses foros de debate e decisión. E isto como se consegue se aquí estamos empeñados e conformar reinos de taifas, con minúsculos poderes, que nin sequera chegamos con claridade aos concellos? Ese é o noso problema nestes momentos. Ser quen de presentármolos diante dos galegos cunha opción política clara, sen fendas, polas que se poidan escapar alentos importantes, cun programa de goberno para rescatar aos galegos e galegas desta situación de emerxencia na que viven: emerxencia na utilización dos nosos recursos endóxeos (que son moitos máis dos que se ven na toa); ; emerxencia dos nosos maiores

que teñen que vivir, malvivir, cunhas pensións de miseria que non lles permiten ocupar unha praza decente nun Centro axeitado, para estas idades; emerxencia do noso idioma que está sendo máis valorado no estranxeiro que na propia Terra; emerxencia dos nosos estudantes, universitarios que trunfan alí onde teñen que emigrar e aquí non se lle dan medios para demostrar as súas capacidades; emerxencia nos que teñen que mancharse as máns remexendo os restos domésticos tirados nun contedor por se atopan “algún restos” de comida para levarse á boca; emexencia para os traballadores con soldos de miseria e para os que nin sequera poden soñar con iso. Para todas estas cousas precisamos “ser gobernantes das nosas potencialidades como País”. O demáis, a reivindicación dos

sinais de identidade temos que sentilas moi fondamente, temos que telas no corazón; temos que xuramentarnos non esquelos nunca e cando teñamos conseguido un nivel de benestar decente, seguro, ilusionante para as nosas xentes, entón será o momento de presentármolos alí onde sexa preciso e reclamar, pero coa forza do noso traballo social, educativo, investigador, laboral etc., ben feito, o seu apoio.

Non teñamos dúbida de que se así o facemos non haberá medios pesebristas que poidan desfigurar nin enganar aos galegos/as; estes/as saberán, porque a realidade da súa vida así llelo vai confirmar, que os cantos serea dos televexos e dos medios que traballan “*pro domo sua*” son os estertores da norte política e social dos que durante séculos estiveron chuchándolles o sangue seu ou dos seus antepasados.



EIXO ATLÁNTICO

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Redactores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com
Jesús Losada jlosadadorado@gmail.com
Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Miguel G. Montero

Colaboradores: Anxo S. Porto Ucha, Raquel Vázquez Ramil, Carlos Méixome, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldes, Fco. Puñal Suárez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pére Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Mnaso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI, Manuel Gonçalves.
Humor: Tokio, Martirena, Pepe Carreiro, X. Marín, M. Fernández (HERMENAGER)

Depósito legal: VG-138-2015

Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema L.

O mito da Galicia subsidiada.

Pe PSOE, canda determinados voceiros radicados nunha visión centralista e dependente, sementaron con certo suceso o mito da Galicia subsidiada. Segundo esta tese vivimos da caridade do Estado e o que compre é pedir sempre solidariedade. O prezo por esa caridade sería non facer moito balbordo nin confiar nunha Galicia próspera dende a nosa iniciativa empresarial e civil.

Estes días a prensa galega denuncia o que xa manifestou a plataforma galeguista Somos Nós na pasada primavera., canda a precampaña das locais. Os concellos galegos reciben dos fondos estatais só o 3% (menos de 583 M€ sobre uns 17.600 M€), cando por poboación haberíamos recibir case outro tanto. Cando menos 500 M€ que nos substraía o Goberno central. Porque o lexislador español despreza o avellentamento e o espallamento da nosa poboación e só considera o número de habitantes de cada concello. Dándolle máis diñeiro porcentualmente ás cidades e pobos grandes, seguindo aquela máxima mesetera: “cabalo grande ande ou non ande”. Solución: a de sempre, que nos dean o noso (é dicir uns 1100 M€/ano) e xa o repartirá o Poder Galego como acordemos. Algo de solidariedade viría ben, tendo en conta eses dous factores poboacionais que sufrimos. Pero no financiamento local até de agora somos

nós os que lles achegamos aos outros.

Canto ao financiamento autonómico, o Orzamento da Xunta non acada os 9000 M€, mentres que a recadación fiscal da Axencia Tributaria estatal na Galicia no 2015 andará polos 12400 a 12500 M€. A diferenza non a valen os servizos que lle presta o Estado a Galicia, bastante residuais, fóra da cobertura do desemprego. Expertos universitarios fixaron o déficit fiscal do noso País no 2012 nuns 1460 M€. Se a estes cartos lles engadimos os máis de 500 M€ de déficit en financiamento local teríamos 2000 M€ máis ao ano Un 22% máis para o Orzamento da Xunta de cada ano. Máis de 750 €/ano por cada persoa residente en Galicia.

Sn contar con que pagamos máis cara a enerxía eléctrica, malia producir nós esa enerxía cun elevado custo ambiental. Porque sufrimos unha tarifa que beneficia aos territorios non produtores de gran consumo doméstico, como Madrid. Cumpiría irmos botando abaixo o mito da Galicia subsidiada, comezando polo ámbito das pemes e profesionais, que serían dos máis interesados nunha Galicia autogobernada.



A santa alianza

Semella que son millóns os cidadáns españois que prefiren o pluralismo á hexemonía e explorar a cultura do compromiso, tan allea á historia de Castela e tan presente noutras mentalidades ibéricas, como a galega, a portuguesa, a vasca ou a catalá.

Fronte a esta temperatura social, a opinión publicada en Madrid, á destra e á sinistra e os que mandan no capitalismo castizo de amiguetes, na economía regulada (grandes bancos, distribución eléctrica, grandes complexos construtores-concesionais) chaman por unha santa alianza constitucionalista, pola reedición do pacto dinástico entre PP e PSOE, ampliado agora ao comodín de Ciudadanos. Un goberno de ampla base parlamentaria para enfrontar “las reformas pendientes”.

E resulta que as reformas pendentes son as que posibiliten completar a mutación constitucional desenvolvida nos últimos anos. Sacralizar a estabilidade orzamentaria e os recortes e recentralizar o Estado, limitando aínda máis a autonomía do noso País e suprimindo practicamente a autonomía local. Recentralizar para anular os poderes locais e territoriais, próximos á cidadanía e deste xeito, posibilitar a privatización de amplas áreas da acción pública dende

unha perspectiva centralista, a prol das grandes empresas concesionais españolas, alicerces dese capitalismo castizo de amiguetes, e en claro prexuízo dos emprendedores galegos. Madrid como factótum dunha España única, cunha única lingua, cultura e clase dirixente. O PSOE historicamente mercoulle á dereita este discurso. Velaí a redución das prestacións por desemprego (Felipe González, 1992) ou o golpe de temón austerizante de Zapatero en maio de 2010. Velaí como todos os ex do felipismo, dende Rubalcaba ou Corcuera até Ybarra ou o propio González, defenden os intereses desta santa alianza, coa mesma fachenda coa que defenden os intereses desas eléctricas coas que xogan ás portas xiratorias. Nesta conxuntura, enténdese a xogada de Pedro Sánchez na xunta do sábado 30 do máximo órgano socialista entre congresos. Consciente que pactar a santa alianza afástao da meirande parte do seu electorado e condena PSOE á irrelevancia no medio prazo, someterá a proposta de pacto á que chegue con outras forzas progresistas ao plebiscito da afiliación, que gañará sen atrancos. Porque a meirande parte da afiliación socialista son xente do común que vive e pensa como tal.

Por: Andrea Goro

Unha galega en Dublín



Non sabría dicir se isto que vivimos algúns mozos galegos na actualidade é unha desgraza ou unha sorte. Falo da emigración, da necesidade de marchar a

Hai dous ou tres anos apenas me sentía identificada coas mozas da Alemaña ou de Venezuela, por exemplo. Sabía que cada país era un mundo en miniatura, cos seus costumes internos, as relacións dentro das familias, a política, a maneira de pasar o tempo de lecer, as aspiracións dos seus cidadáns, etcétera. Cada vez que coñecía a alguén doutro país, achegábame a esta persoa con curiosidade pero sempre tendo presente que existían moitas caracterís-

quera actividade que facía había persoas de todos os lugares, dispostas a pasar un bo rato e aprender os uns dos outros, sen prexuízos e sen facer demasiadas preguntas. Pouco a pouco funme integrando nesta “masa” de mozos expatriados que lle dan tanta vida a este recuncho do planeta; comunicándome na lingua común que aquí temos, o inglés, e sacándolle o máximo partido a esta mistura cultural a que estou exposta cada día. Todos chegamos aquí buscando unha mellora, con algo de valor que aportar á mesa común, con preocupacións, soños e dife-



outro país para ter unhas oportunidades laborais á altura das nosas expectativas e da nosa preparación. No meu caso, xa me picara o verme das viaxes durante un par de intercambios no instituto; mais tarde o Erasmus amosoume que era posible atoparse moi a gusto lonxe da casa. Cando, ao rematar a carreira, chegou o momento de facer as maletas, non houbo bágoas. Tiña a sensación de que se non marchaba estaba a perderme algo, e non andaba equivocada. Non foi a necesidade a que me empurrou a dar o salto, senon as gañas de ampliar horizontes e aprender idiomas. E hoxe en día doume conta de canto me aportou pasar este tempo fóra do niño.

tas que nos diferenciaban porque tiñamos orixes e percorridos distintos. Mais co paso do tempo e despois de moitas experiencias compartidas, algo foi cambiando na miña percepción dos demais. Aquí en Dublín conflúen persoas de todos os continentes, sobre todo xente nova. É unha das cidades europeas con máis poboación estranxeira. En cal-

rentes maneiras de percibir os acontecementos. Foi aquí coma podería ter sido noutro sitio. Todos fumos evolucionando, amoldándonos e acollendo as novas persoas e costumes; adoptando actitudes máis flexibles e abertas ao cambio. Eu son unha mais neste exército de xente nova loitando polo seu futuro, desta xeración que vai máis alá de pasaportes ou fronteiras. Hoxe en Irlanda e, por que non, mañá no Perú.

Por iso, a pesares da morriña e dos momentos difíciles, non podo deixar de salientar a parte positiva da situación económica que atravesamos e agradecer a inestimable bagaxe coa que hoxe volvo á miña terra.



“Sombra de luna”, de “Koki” presentado na Casa de Galicia en Madrid

O acto contou coas intervencións de Vicente Araguas, Antonino Nieto e Basilio Cañada

“Sombra de Luna, é a metamorfose interior da alma do poeta.

É unha vida en moitas vidas que deambulando desde Harlem á Quinta soñan e sofren diariamente, no limbo das palabras”. Desta forma define o seu libro o poeta galego afincado en Nova York desde os anos oitenta, Francisco Álvarez “Koki”. A obra, a duodécima do autor, compóñena 72 poemas que reflicten as inxustizas, ilusións, amor e dor sobre as vivencias na cidade dos raiñaceos.

No acto interviñeron o coordinador de Actividades, Ramón Jiménez, en nome do director da Casa, seguido do presidente do Grupo Editorial Sial Pigmalión, Basilio Rodríguez; o crítico literario e poeta Vicente Araguas; o poeta e xestor cultural Antonino Nieto; e o propio autor, Francisco Álvarez “Koki”.



■ O poeta Francisco Álvarez KOKI co seu libro “SOMBRA DE LUNA”

Rodríguez Cañada sinalou que o autor “fusiona os recordos e re-

membranzas da adolescencia e primeira mocidade en terras galegas

coa fascinación e o descubrimento da Gran Mazá. Sintetiza a experiencia do desarraigamento coa literatura en xeral e a poesía en particular, nunha obra que tamén é unha homenaxe aos seus autores de referencia”.

Para Vicente Araguas, “Koki é un poeta que está fóra, pero que nunca estivo fóra, porque a súa poesía é como estar na casa, pero coa lúa dentro”.

Mentres, Antonino Nieto, que recitou algúns dos seus poemas, define a obra como “o fogar: o oco profundo da terra: recordos entre sabas de tempo” e a Koki, “nese arcón da alma do que tanto fala no libro sala de espellos, varre mares embrutecidos, rompe sanador o ouro dos fusís”.

Pola súa banda, para Francisco Álvarez “Koki”, que é autor dunha

ducia de libros, deles varias antoloxías de escritores hispanos en Nova York, esta obra é “unha canción en parto de trinta anos, agarrado á saia da dor e do goce” e na que aparecen moitos aspectos da vida que ilustrou con algúns poemas como, Despertar, “onde os minutos, son un afiche do demo”. En Ausencias, fai unha homenaxe ás Nais da Praza de Maio, e nel pide e berra “pechar esta necrolóxica”. Tamén están os temas propiamente da cidade. En Luna llena, “o vento da paixón é un trasgo solitario”. Manuel, dedicado a un xornalista amigo asasinado polos narcos. Ou en Broadway, onde a rúa é un río de xente, con diferentes historias. “En Sombra de Luna, abro o corazón para que leamos como dicía Lorca ao duende, o duende de Sombra de Luna”, dixo.

Por: Inma Otero Varela



O premio Xerais do pasado ano recaeu sobre a primeira novela do xornalista Héctor Cajaraville, o que ilustra ben a incorporación á narrativa actual de autores vidos do mundo dos medios de comunicación e que, en ocasións, escenificano propio oficio e as penurias que está a afrontar. A tendencia tennos

deixado propostas singulares e de calidade como o é tamén este título. Todo o libro supón un xogo literario. Xa desde o comezo desvélanos que o que temos entre as mans é o conxunto de textos do protagonista Bieito Sanmarful, xornalista de profesión, publicado trala súa morte en 2015. Máis concretamente trátase da terceira edición, tal e como indica o prologuista da selección, ex-director do xornal Loaira no que traballaba Bieito. O prólogo resulta verosímil e presenta fielmente, malia a ficción, o que imos atopar a continuación: unha escolma dos artigos

Crónicas do público e do persoal.

Héctor Cajaraville, *De remate* (Xerais, 2015)

que foran aparecendo en Loaira acompañada de textos auxiliares como as anotacións que o propio autor ía elaborando no período no que estaba a redactar o artigo, poemas, correos electrónicos ou textos xudiciais. Destexito accedemos en todo momento ás intimidades que acompañan o nacemento dun texto, entendendo por intimidades a intrahistoria, familiar, persoal ou anecdótica, que subxace ao proceso creativo. A data que acompaña cada un dos textos é fundamental para coñecer como se cocen os artigos así como para situar as reaccións dos lec-

tores, ao tempo que se sucecina a biografía do protagonista.

O debuxo da sociedade galega, irónico e certo, con alusións ás cuestións da lingua, unha das máis presentes, ao feísmo arquitectónico, ás festas populares, ás historias inverosímiles inherentes a algunhas emigracións, á choiva, aos alcumes, ao camiño de Santiago, ao auxe do maratón ou á mobilización do voto en xornada electoral, amalgámase coa historia persoal de quen odeseña. Dun lado a socioloxía galega, xa de por si ben caracterizada nos textos públicos, perfírase mellor nas

reaccións que os lectores lle fan chegar ao autor e que este despois incorpora como paratextos, tamizados ás veces polas súas valoracións. Por outra banda, a historia interior do protagonista tinguíase de crítica a unha sociedade que dá cobertura a comportamentos pouco exemplares. A mesma coherencia entre o persoal e o social se percibe entre o humor que impregna os artigos e a ironía de quen asina os textos, cuxa personalidade imos descubrindo a través do diario. A retanca, outra das características nacionais, mitiga a dureza das experiencias



tratadas. Bieito Sanmarful amósanos, ás veces case sen querer, a relación complicada cos avós maternos, a soledade e crúa da nai, os desenganos amorosos, a evolución da enfermidade e, contra a fin, a consciencia da morte. Congruencia e orixinalidade son dúas das características dunha proposta que se le con facilidade malia a experimentación formal e a multiplicidade de temas que combina á perfección a dimensión máis colectiva con aquelas máis particulares.



Galicia

Redacción de A CORUÑA

A Coruña debe afrontar a celebración da Copa do Rei de baloncesto en clave de oportunidade, e de reivindicación de valores", Xulio Ferreiro, alcalde

Xulio Ferreiro participou no sorteo de emparellamento dos equipos finalistas da Copa do Rei da ACB, que se disputará na cidade entre o 18 e 21 de febreiro

O Pazo de María Pita acolleu este luns o sorteo de emparellamento da fase final da Copa do Rei de Baloncesto, que se disputará entre os días 18 e 21 de febreiro na Coruña. No evento participaron representantes de cada un dos equipos clasificados para o torneo. O alcalde da Coruña, o presidente da Deputación, o entrenador do Deportivo, e o xogador Lucas Pérez, foron as mans i nocentes e ncargadas de realizar o sorteo. O rexedor manifestou que a cidade debe acoller á celebración da Copa do Rei da ACB "como un evento deportivo de primer nivel, que representa moito máis e que debemos afrontar como motor económico, oportunidade e reivindicación de valores, cuestións todas elas fundamentais nestes difíciles tempos".



O primeiro edil reflexionou sobre a celebración deste evento nunha cidade que aposta polo deporte de base. "Esa adrenalina e esas emocións que se vivirán no Coliseum nos colocarán entre os máis gra-

nado da elite baloncestística, pero tamén ante sensacións moito máis fondas, que nos levan a situar na primeira liña os principios populares, que trazan pontes como as que debemos establecer entre os

grandes xogadores, que disputarán a competición ante millóns de ollos, e os rapaces e rapazas que botan unhas p achangas en calquera das canastas que hai e que estamos a colocar na cidade". "Un

deporte que olvida as súas orixes torna noutra cousa, traiciónase a si mesmo. Non caeremos nese erro. Sabemos que as canastas das estrelas só teñen sentido se fan mellor a quen a esta hora lanza un balón ao taboleiro en calquera barrio da Coruña. Non existen uns sen os outros"; engadiu.

Ferreiro manifestou que o evento deportivo "non será exclusivo da Coruña, será a copa de toda Galicia". "Reivindicamos o básquet local, o do vello Bosco e Fernando Romay; o do Básquet Coruña e as súas poboadas categorías de base", indicou, para engadir: "Pero tamén somos Galicia, e lonxe de localismos e rivalidades mal entendidas, é para nós un pracer acoller como equipo local ao Obradoiro de Santiago. Nunca 70 quilómetros estiveron tan preto".

Programa de Lecer do Fórum Metropolitano e do Ágora

Ofrecen 117 talleres distintos con 3.310 prazas dispoñibles

A Concellería de Culturas, Deporte e Coñecemento ofrece unha ampla oferta de programas de lecer que terán lugar no Centro Ágora e no Fórum Metropolitano nos vindeiros meses. Impartiranse, a partir do 1 de febreiro, 117 obradoiros distintos (58 no Fórum e 59 no Ágora). En total, haberá 3.310 prazas dispoñibles nos dous equipamentos.

O Programa de Lecer ofrece obradoiros de temática variada. Así, haberá 17 cursos sobre historia e arte nos que se tratarán sobre o mundo da pintura, escultura ou animación; e outros 11 sobre arquitectura da Coruña, que incluírán actividades como paseos por diversas zonas do municipio, para coñecer a súa historia e arquitectura. Cada centro impartirá cursos de fotografía, astronomía, cine ou literatura, música, teatro, creatividade manual e programas dedi-

cados as persoas maiores de 65 anos nas que se inclúen obradoiros de memoria, iniciación a lectura ou actividades motrices para manterse en forma. Ademais, o centro Ágora acollerá 9 talleres de cociña e do mundo da gastronomía totalmente distintos, desde cociña para principiantes, de tempada, italiana, africana e de repostería sen gluten ou creativa.

Unha vez feita a inscrición de continuidade e preinscrición, o venres 15 de xaneiro celebrouse o sorteo de prazas. As listaxes dos talleres adxudicados están dispoñibles en ambos os dous equipamentos, ademais da web municipal e no teléfono de atención cidadá 010. A inscrición formalizouse os días 19 e 20. A partir do 28 as prazas que puideran ter quedado vacantes quedarán a disposición de quen as solicite.

A Xunta de Goberno local da Coruña aproba a estratexia Eidos-Coruña

Baseado no dereito á vivenda as axudas alcanzan os 15 millóns de euros

O alcalde manifestou en rolda de prensa que espera que os orzamentos municipais queden aprobados a principios deste ano, aínda que solicitou ao PSOE que "remita in-

bano Sostible EIDUS Coruña pola que a cidade opta a uns fondos europeos que, nesta primeira convocatoria, chegan aos 15 millóns de euros. "O Executivo se compromete a que esta partida,

tras a xuntanza. Este proxecto será de carácter transversal.

"Trátase de que na nosa cidade se garanta o dereito á vivenda, a accesibilidade á mesma, a rexeneración de espazos públicos e a erradicación de espazos precarios. Por outro lado, o primeiro edil tamén se referiu á negociación en marcha co grupo socialista do proxecto de Orzamentos Municipais para este 2016. "Agora mesmo, o PSOE demandou máis información, e nos volvemos a pedir que nos remita a súa vez documentación sobre que é o que quere ver dentro dos orzamentos, que opina do proxecto e que intereses ten dentro dos mesmos", engadiu. "O único que sabemos é que procuran uns presupostos máis 'expansivos', pero non entendemos como é posible chegar a eles sen non é con suba de impostos. Cremos que a nosa previsión de ingresos, realizada en base aos informes dos servizos administrativos, é moi realista", destacou Ferreiro.



formación sobre que é o que quere facer nos presupostos e cales son os seus proxectos e prioridades dentro dos mesmos". A Xunta de Goberno local extraordinaria deste luns deu o visto e prace ao proxecto de Estratexia Integral de Desenvolvemento Ur-

de conseguila, irá dentro dun investimento total de algo máis de 20 millóns de euros destinados a realizar un proxecto de rexeneración urbana que ten como obxectivo facer da Coruña unha 'Cidade dos Dereitos', explicou o alcalde na rolda de prensa que ofreceu

Redacción de A CORUÑA

Sesión de investidura do novo Reitor da UDC

Xulio Ferreiro, que asistiu á investidura de Julio Abalde, reconeceu o labor desenvolvido polo equipo saínte, liderado por Xosé Luís Armesto



O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, asistiu este martes ao acto de investidura de Julio Abalde como novo reitor da Universidade da Coruña (UDC), nun acto celebrado no Paraninfo. O rexedor quixo facer un reconecemento ao labor desenvolvido polo equipo saínte, liderado por Xosé Luís Armesto, así como desexou “toda a sorte aos entrantes”. O primeiro edil da Coruña, profesor de Dereito Procesual da propia UDC, destacou a importancia de que Concello e Universidade manteñan unha relación fluída e colaborativa, “É moi importante non só manter, senon afondar, na gran relación

que agora teñen estas dúas institucións e que se debe plasmar na cooperación en todos os ámbitos posibles”, indicou. Ferreiro recordou que “a Universidade, como non nos cansamos de dicir dende este Goberno, é un dos grandes motores da Coruña”. Neste senso, o rexedor recordou que “precisamente por esa condición, e pola importantísima labor que desenvolve, a UDC debe contar co apoio institucional suficiente”. “Non podemos permitir que se apliquen recortes neste ámbito, nin que se fure a cidadanía o dereito a un ensino público de calidade”, recordou.

Balance anual de Salvamento Marítimo



Na presentación do balance anual de actuacións de Salvamento Marítimo, que se levou a cabo no aeroporto de Alvedro, estiveron presentes o alcalde da Coruña, Xulio Fe-

reireiro, a ministra de Fomento, Ana Pastor, así como o alcalde Culleredo, Julio Sacristán. Tamén estiveron presentes deputados, concelleiros e outras autoridades.

Redacción de SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nace Prestogal veciñanza, unha plataforma web para promover o consumo colaborativo

A concelleira de Políticas Sociais, Concha Fernández, presentou a plataforma web Prestogal, que quere promover e potenciar o consumo colaborativo na cidade compostelana. Facilitará o intercambio, préstamo e cesión de recursos entre os veciños e veciñas da cidade.

Na presentación a concelleira estivo acompañada de traballadoras sociais, representantes da Asociación de Veciños e Veciñas “As Marias” e das seis traballadoras de Promove, a empresa compostelá encargada de deseñar, adaptar e implantar o Prestogal no concello.

A sociedade ten por diante o reto de pasar do consumo e gasto individual incontrolado, cara un descubrimento do ben co-

tar a ferramenta entre a veciñanza das rúas Espírito Santo, Basquiños, Pastoriza, Santa Clara, San Roque, Oviedo, Avda de Coimbra, Avda de Salamanca e Praza de Ultreia.

Ademais da ferramenta web, o proxecto piloto contempla a identificación e implicación dos responsables dos Puntos Prestogal no barrio. Os puntos Prestogal poden ser establecementos de hostalería, comercios ou centros socioculturais que sirvan de espazos de encontro ou depósito dos obxectos que se prestan, ceden ou intercambian.

O primeiro punto Prestogal identificado no barrio é o Hervor&Fervor, un local de hostalería cuxos responsables, Ramón e Cris, manifestaron e asinaron un compromiso



lectivo. As administracións, como non pode ser doutra forma, teñen moito que facer para promover e apoiar este cambio de actitude da nosa sociedade.

O Concello de Santiago, consciente da necesidade de intervir promovendo este cambio cara unha sociedade máis sostible e solidaria no ámbito local, pon en marcha o Prestogal veciñanza. Dende o Concello apóstase por impulsar unha plataforma pública como o Prestogal, porque se cumpre así con tres obxectivos que encaixan nas liñas de Goberno municipal: facer unha cidade máis sostible, reducindo o hiperconsumo; facer unha cidade máis participativa, fortalecendo o tecido asociativo nos barrios; e facer unha cidade máis solidaria.

O Concello financia a adaptación do Prestogal á cidade de Santiago, achegando unha ferramenta que facilite os intercambios, préstamos e cesións de recursos entre a veciñanza.

Ademais, o persoal da área de Políticas Sociais que fai a intermediación con persoas sen recursos do concello terá un perfil de usuario na plataforma para lanzar peticións que podan ser respondidas por veciños e veciñas solidarias de Compostela.

Durante o ano 2016 farase seguimento e avaliación dos resultados do Prestogal como experiencia piloto, que se implantará en colaboración coa Asociación “As Marias”. Un convenio asinado entre o Concello e esta Asociación, permitirá implan-

tar a ferramenta a pé de rúa, entre os clientes habituais que residen ou teñen relación co barrio.

Os puntos Prestogal estarán identificados cun letreiro na porta, e no interior do establecemento haberá uns flyers explicativos do proxecto.

Antecedentes

Hai múltiples exemplos sobre consumo colaborativo no mundo, que son o resultado da integración de catro factores que están a producir un gran cambio dende o hiperconsumo do século XX, cara o consumo colaborativo do século XXI. Estes catro factores recólleos a investigadora Rachel Botsman e son: unha tendencia crecente sobre a concienciación da comunidade, un aluvián de redes sociais e tecnoloxías de tempo real, a preocupación cada vez máis xeneralizada sobre o medio ambiente e un entorno de crise económica que muda o comportamento dos consumidores.

O comportamento virtual en webs e redes sociais estase aplicando a realidades na vida cotiá, transformando a nosa relación co medio baseada na satisfacción de necesidades ou experiencias, sen necesidade de acumular obxectos ou telos en propiedade. É dicir, o uso impónse á propiedade dos bens. Estes cambios maniféstanse en tres sistemas de reorganización da nosa relación coa contorna: a prolongación da vida útil dos recursos, un estilo de vida colaborativo e as necesidades de servizo e non da propiedade.

Redacción de SANTIAGO DE COMPOSTELA

O alcalde participa cos nenos e nenas das escolas infantís da cidade do Día da Non Violencia e a Paz



■ O alcalde sostén o cartel da conmemoración.

O alcalde de Santiago, Martiño Noriega, acudiu á Escola Infantil Municipal de Meixonfrío-Salgueiriños para participar cos nenos e nenas dos actos polo Día Escolar da Non Violencia e a Paz. As actividades deron comezo ás 10:15 horas da mañá, cando os nenos e nenas das

escolas de Conxo, Fontiñas e Meixonfrío construíron o "Muro pola Paz". Logo diso foi o turno do contacontos solidario "Paz-tinete" a cargo de Anxo Moure, do colectivo Bicis pola Paz. Ao acto acudiron tamén representantes dos tres grupos políticos da oposición, Alejandro Sánchez-Brunete, do PP, Paco Reyes, do PSOE e Rubén Cela, do BNG.

O alcalde de Santiago dirixiuse aos nenos e nenas para transmitirles "a importancia da paz e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, que nunca solucionou os conflitos que xorden no mundo". Para o rexedor é importante que se leven a cabo este tipo de actos cos nenos e nenas máis pequenos, para que dende a infancia aprendan os valores da paz, da convivencia e da solidariedade.

No acto, algúns pais e nais leron en voz alta tres desexos pola paz e os nenos e nenas das tres escolas infantís agasallaron con debuxos e creacións ao alcalde da cidade, que invitou aos representantes da oposición para compartir eses agasallos.

O acto finalizou cunha solta de globos brancos no patio da escola infantil de Salgueiriños e coa actuación musical de dous profesores da Escola Municipal de Música, que amenizaron as actividades ao longo da mañá.



■ Os nenos e nenas da Escola Infantil de Conxo.

O Entroido dos Xenerais da Ulla comeza en Santiago con atranques en Marrozos e Angrois



■ Uns pequenos Xenerais da Ulla.

O Entroido dos Xenerais da Ulla, declarado Festa de Interese Turístico de Galicia, comeza esta fin de semana en Santiago con dous atranques que terán lugar en Marrozos e en Angrois.

O Entroido dos Xenerais da Ulla é unha festa tradicional da Comarca da Ulla, que remonta as súas orixes a mediados do século XIX. Os personaxes máis importantes desta celebración son os "Xenerais" e os "Correos", que percorren a cabalo as parroquias ao longo do día, dando "vivas" a veciños e visitantes, acompañados dun "exército" de abandeirados, coros, comparsas e parrandas.

Este percorrido polas parroquias remata nun "atranque" ou "alto", enfrontamento dialéctico por parellas, aproveitando para facer burla e sátira de asuntos locais, de política ou mesmo do corazón, sucedidos ao longo do ano. Dunha parroquia a outra, o Entroido da Ulla presenta poucas diferencias, mantendo en cada unha delas os mesmos trazos definitorios que os fan únicos.

Nesta ano, ademais da promoción que se fai dende Turismo de Santiago como nos últi-

mos anos, por primeira vez, o Departamento de Festas do Concello habilitará unha carpa nos lugares das parroquias onde se celebran os atranques dos Xenerais da Ulla en Santiago, enchéndoa de diferentes actividades, dedicadas especialmente ao público infantil. As catro parroquias son Marrozos e Angrois, e Aríns e O Eixo, que celebrarán os seus altos os días seis e sete de febreiro respectivamente.

O día dos atranques haberá en cada unha das parroquias obradoiros de confección de chaquetas e gorros dos "Xenerais" e "Correos" para os máis pequenos. Ademais, unha hora antes dos "atranques" haberá en cada parroquia unha representación de monicreques xigantes relacionada co Entroido dos Xenerais da Ulla.

Tamén comeza o Entroido dos Xenerais en varios Concellos da Comarca do Ulla, Silleda, Vedra, Teo, Touro e Vila de Cruces, así como o programa gastronómico deseñado conxuntamente entre os Concellos da Comarca para fomentar o turismo gastronómico de temporada.

 PEREGRINUS Pulpería · Churrasquería	Especialistas en pulpo y carnes a la brasa <i>Noches y fines de semana a la carta</i>  15€ Menú para grupos, por encargo  10€ Menú de lunes a viernes OURENSE: Valle Inclán, 35. Tfno 988 68 65 45 VIGO: Urzáiz, 5. Tfno. 986 12 30 70	Restaurante Cafetería Skala 10€ Menú + Postre y Bebida Tfno 988 60 13 61 Finca Sevilla s/n. Expourense • OURENSE
---	---	--

Guía Gastronómica

O Asador's Jose presente en Xantar



■ A Bodega do Asador.

José Manuel Barrio Branco estará outro ano en Xantar co seu restaurante Asador's Jose, de Riós, especialista en carnes exóticas á brasa. En Expourense recibiu o ano pasado o Prato de Ouro que lle outorgou Radio Turismo. Asador's Jose presenta á súa clientela pratos exóticos como a carne de crocodilo, canguro, angus, cebra, avestruz, camelo, bisonte, ñu, cabalo e bú-

falo. Ademais serve carne de tenreira cachena da comarca, parillada de mariscos, gran variedade de peixes e outras viandas da coíña galega. Actualmente a carta componse de máis de trescentos pratos polo que figura no Libro Guinness dos récords. En breve baterá a súa propia marca, xa que a súa nova carta estará formada por máis de 400. O asador conta con distintos comedores e reservados

para poder ofrecer intimidade e ambientes variados a clientes e grupos. Con máis de 270 referencias de viños, o menú do día ofrece para elixir entre 19 primeiros e 29 segundos pratos. É o marco idóneo para celebrar comunións, bautizos, reunións de empresa, despedidas de solteiro, festas privadas e aniversa-

rios. O programa "De bares", de V Televisión, fíxolle unha visita da man do veciño actor e director Rubén Riós. Todo neste restaurante leva o sinal do seu propietario: José Manuel Barrio Branco. Desde o nome, coa súa peculiar interpretación do xenitivo sajón, ata a decoración, da que tamén se ocupou el persoalmente traendo tallas, peles, figuras e outros

obxectos decorativos adquiridos nas súas viaxes polo mundo. Só de reproducións de vacas conta con máis de dúascentas pezas. Tamén se poden ver no restaurante xirafas de cerámica e elefantes así como e figuras humanas.



■ Un dos comedores reservados.



■ O restaurante ofrece de balde servizo de taxi desde Verín.



Galicia

Redacción de LUGO

A Deputación ofrece aos concellos axuda técnica gratuíta para obradoiros de emprego



■ Reunión da Xunta de Goberno provincial de Lugo.

A este acordo chegou nunha sesión da Xunta de Goberno provincial de primeiros de xaneiro na que tamén se acordou a creación dunha comisión técnica que elaborará a necesaria memoria sobre aspectos sociais,

xurídicos e financeiros para a posta en marcha do Centro de Recría. Profesionais e académicos de recoñecido prestixio no sector gandeiro formarán parte da mesma. A vicevoceira provincial socialista, Pilar García Porto, avanzou que a comi-

sión técnica formarase de xeito inmediato e a memoria estará lista nun prazo de 2 meses. “Un dos principais obxectivos desta comisión é a elaboración dun estudo de mercado para que os custos do primeiro centro de recría de gando

vacún público en España sexan os máis competitivos. É dicir, para que verdadeiramente estas instalacións públicas aforren cartos aos gandeiros pola recría, cumprindo co fin para o que naceron”, remarcou García Porto. A creación da comisión técnica e a elaboración da memoria sobre o centro de recría é unha obriga legal previa para levar ao pleno provincial a proposta de aprobación do modelo de xestión do Centro de Recría. O prego de cláusulas que rexen a súa xestión pública xa foi aprobado pola Xunta de Goberno do 22 de maio. Tal e como explicou García Porto, para garantir a participación directa dos gandeiros na xestión do centro de recría, “posto que entendemos que son os profesionais que mellor coñecen o sector e, polo tanto, máis rendibilidade lle poden sacar a estas instalacións”; no prego esta-

blécese a obriga dos posibles adxudicatarios de contar coa participación directa dos gandeiros a través de entidades de economía social (cooperativas, SATS, etc). Fronte ao modelo de xestión pública que defende o Goberno provincial, a vicevoceira desvelou que “o PP avoga por un modelo privatizador sobre o que non deu conta, pois Candia quería facer unha concesión demanial. Isto conleva que a Deputación se desvincule totalmente da xestión e control do centro unha vez adxudicada a xestión”. A Xunta de Goberno resolveu a contratación de 3 desempregados lucenses que comezarán a traballar noutras 3 empresas da provincia co Ben Empregado. Son perfís que quedaron desertos e que se cobren a través do INEM. Trátanse dun co-ciñeiro, un peón gandeiro e un especialista en montaxe de cubertas.

Ourense, destino turístico na Vía da Prata – Camiño Mozárabe



■ A alcaldesa de Lugo e o alcalde de Ourense, cuarta e terceiro á dereita da foto, en Fitur.

O Concello de Ourense presentouse en Fitur cunha oferta que destaca as grandes potencialidades turísticas da cidade: a auga, o patrimonio artístico e a gastronomía, pero facendo especial incidencia no seu posicionamento na Vía da Prata – Camiño Mozárabe e, igualmente, amosando as singularidades da nosa cidade como capital do Entroido galego. O departamento de Turismo usou un espazo propio dentro do expositor da Axencia de Turismo de Galicia, case 1.000 me-

tros cadrados de expositor, e participou en foros e reunións de traballo relacionados co termalismo. Ourense concorreu así potenciando a súa presenza na ruta xacobeá do Camiño Mozárabe – Vía da Prata dentro do Ano Xubilar 2016. O pulo ao turismo de peregrinación será unha das claves deste ano, ao que se chega cun Plan Director do Camiño elaborado pola Axencia de Turismo de Galicia, e que establece unha folla de ruta a seguir ao longo do ano. O Concello de Ourense presentou o último material informa-

tivo deseñado especificamente para o peregrino que pasa por Ourense, folletos elaborados desde a Concellería de Turismo co apoio da Asociación de Amigos da Vía da Prata en Ourense. Os materiais acompañan toda a renovación da sinalización referida ao Camiño que xa se iniciou (no Alto do Cumial e no límite do termo municipal) e se continuará durante todo o ano. De forma excepcional por ser ano xubilar, permanece aberta por vez primeira a Porta da Misericordia da Catedral de Ourense.

Entroido

Outro dos puntais da oferta da cidade en Fitur foi o Entroido, unha festividade esencialmente de rúa, e na que a Concellería de Cultura está traballando nunha oferta lúdica, con animacións e obradoiros polas tardes para os cativos. Xunto con estas actividades, Ourense convértese en capital do Entroido grazas á cultura festiva dos barrios da cidade: en Seixalbo, coa Paquita e o Nicanor, As Eiroás, coa súa tradicional Pita, e A Ponte, co Frei Canedo espallando o espírito do Entroido. A Volta a España, que terá en Ourense o seu punto de saída -a segunda etapa sairá desde Outariz-, foi outra das presentacións. Trátase dun evento de máxima difusión e amplo alcance internacional que Ourense deberá aproveitar para proxectar a súa mellor imaxe cara ao exterior.

Gastronomía

O Concello tamén participou na presentación do Salón Gastronómico 'Xantar', que se celebra en na nosa cidade do 3 ao 7 de febreiro. O alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, destaca que “acudimos a Xantar abandeirando un dos nosos maiores atractivos: SaboresdeOurense, marca coa que queremos amosarlle ao mundo a calidade das

nosas materias primas e a excelencia das elaboracións culinarias”. Así, o Concello levará a Xantar un restaurante que ofrecerá unha selección dos pratos gañadores dos últimos concursos gastronómicos, unha mostra dos mellores caldos de Ourense e unha pulpeira.

Termalismo

No ámbito termal, o Concello de Ourense participou en reunións de traballo coa Sección de Vilas Termais da FEMP e con outras administracións e empresas turísticas aproveitando o contorno de traballo que ofrece Fitur. Pero non foi a única cita relacionada co tema: o xoves 21 de xaneiro, a concelleira Isabel Castelo asistiu en París ao comité executivo da Asociación Europea de Cidades Termais Históricas (coñecida coma EHTTA, polo seu acrónimo en inglés). En decembro de 2009, a nosa cidade foi unha das seis cidades fundadoras da EHTTA, primeiro e único órgano europeo que aglutina as cidades con patrimonio termal; unidas na defensa, salvagarda e posta en valor dos seus recursos ante a Unión Europea e o resto do mundo. Actualmente, a EHTTA conta xa con máis 25 cidades adheridas a esta rede que contribúe á construción de Europa a través dun nexo común, a auga, nunha aposta polo desenvolvemento turístico sustentable.

Sober presentará en Xantar a XXXVI Feira do Viño de Amandi



■ A feira do viño ten gran poder de convocatoria como na edición XXXII do ano 2012.

A primeira xornada de promoción da XXXVI Feira do Viño de Amandi será na mostra Xantar en Expourense, na que o Concello de Sober un ano máis disporá dun stand promocional propio e organizará, entre outras actividades, unha degustación de viño de Amandi con

galo de curral de Vila de Cruces, en colaboración co concello pontevedrés. Por outra banda, o Goberno local, en colaboración co sector, ultima a programación do Mes do Amandi que encherá de actividades os 30 días previos á celebración da feira. Entre os actos previstos, o Goberno local organizará unha xornada de maridaxe de viño de Amandi con Porco Celta, na que colaborarán Asoporcel e a Escola de Hostalería de Rosende; unha xornada técnica sobre novos campos para o viño, organizada pola Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia; un concerto en colaboración coas Xuventudes Musicais de Sober, así como actividades para os máis novos entre as que se incluírá a visita a unha adega.

Mes de Amandi

O Concello fará a presentación dos actos da XXXVI Feira do Viño de Amandi o día 20 de febreiro ás doce do mediodía na contorna dos Muíños do Xábrega. Ese mesmo día dará a coñecer o cartel anunciador da feira, así como

os actos que se englobarán no denominado Mes do Amandi. A inauguración oficial da feira, que se celebrará os días 19 e 20 de marzo, correrá a cargo de Adega Proencia en lembranza a seu fundador, Tomás Arias, falecido o ano pasado. O equipo de Goberno mantivo a primeira reunión preparatoria cos colleiteiros que están inicialmente escritos para participar na XXXVI Feira do Viño de Amandi. Polo de agora hai 24 adegas anotadas para a cita, na que o convidado de honra será o Concello de Parada de Sil. O rexedor, Luís Fernández Guitián, explicou que seguen abertos os dous concursos que o Concello organiza para promover o evento, un deles para elixir o cartel anunciador, dotado con 600 euros de premio, e outro para o deseño de barricas, cuxos galardóns ascenden a 300 e 100 euros. O concurso para o cartel estivo aberto ata o 31 de xaneiro, mentres que os interesados en deseñar as barricas poderán anotarse ata o 10 de marzo.

Ábrese en Sober un concurso de decoración de barricas

O Goberno local do Concello de Sober (Lugo) convoca o I concurso de decoración de barricas con motivo da XXXVI Feira do Viño de

Amandi. As bases, que vén de facer públicas na súa páxina web www.concellodesober.com, explican que os interesados en participar se deben anotar antes

do día 10 de marzo. Deben facer chegar os seus datos persoais e os materiais que empregarán para decorar a barrica, a través do correo ordinario ou anotán-

dose no propio Consistorio. O Goberno local porá a disposición dos anotados os materiais e a barrica sobre a que elaborar os seus deseños que, de xeito obrigatorio, deben reflectir o espírito da Feira do Viño de Amandi facendo especial fincapé no sector vitivinícola e no patrimonio e a cultura de Sober e da Ribeira Sacra. Poderán participar ata 30 persoas maiores de idade. A selección farase por estrita orde de inscrición, aberta ata o día 10 de marzo. Todos os participantes recibirán como agasallo un diploma acreditativo de ter participado no concurso, así como un lote de botellas de viño de Amandi. Haberá dous gañadores, un deles recibirá 300 euros e o segundo, 100 euros. Os seus traballos serán expostos no acto inaugural da XXXVI Feira do Viño de Amandi. Os demais decorados seleccionados formarán parte do inmobiliario da Feira do Viño e das casetas dos adegueiros. Tras a celebración da feira, o Goberno local incorporaraos nos seus edificios públicos, entre eles, na Casa do Concello, no colexio, no PAI, no centro de saúde ou na piscina, entre outros, como un modo de promocionar a Ribeira Sacra e o sector do viño de xeito perma-

nente. A técnica de decoración será libre, aínda que o Concello pide que sexan traballos orixinais. En función do número de participantes o Concello de Sober decidirá se cada un deles decora unha ou dúas barricas. Todos os anotados serán chamados a semana antes da feira para que fagan os seus traballos na propia localidade. "Imos converter o noso Concello nun espazo para a creación artística a semana previa á feira", explica o rexedor.

Esta non é a única acción que ten posto en marcha o Concello de Sober para dar a coñecer e publicitar a feira, a localidade e o traballos dos adegueiros e adegueiras da Ribeira Sacra. Tamén segue aberto o concurso de carteis para promocionar a edición da Feira do Viño de Amandi deste ano. Anteriormente o Goberno local fixo un concurso de fotografía da vendima en Amandi, así como un concurso de selfies na feira do pasado ano. O alcalde, Luís Fernández Guitián, valora "o empeño do Concello para que a Feira do Viño de Amandi, a nosa localidade e a Ribeira Sacra no seu conxunto acaden un lugar destacado no mapa turístico internacional", resume.



■ A XXXVI Feira do Viño de Amandi será en Sober o 19 e 20 de marzo.

Galicia

Redacción de OURENSE

A Cámara Municipal de Montalegre terá o seu día en Xantar

Logo da súa ampla e exitosa participación durante a edición de 2015, a Cámara Municipal de Montalegre, repite a súa aposta por este salón organizando toda unha serie de actividades que contribuirán a promocionar a este concello portugués ubicado moi preto de Ourense e co que Expourense mantén distintos convenios de colaboración transfronteiriça. Segundo o acordado con vicepresidente de Montalegre, Dr. David Teixeira, esta localidade contará cun amplo protagonismo en Xantar 2016 e terán un día adicado, o venres 5 de febreiro, que incluírá a visita de representantes institucionais, veciños, un show-cooking de gastronomía local, e actividades vencelladas co Entroido. A Cámara Municipal de Montalegre utilizará o stand que ten de xeito permanente en Expourense e que lle permite estar presente en todas as citas organizadas polo recinto feiral. Ademais de promocionar os seus recursos gastronómicos e turísticos, Montalegre divulgará en

Xantar a proba Montalegre RX FIA World RallyCross Championship 2016 que se disputará os días 16 e 17 de abril e que converten

un convenio de colaboración para o desenvolvemento e promoción conxunta de ambas entidades nos eventos que éstas organicen. A

sunto de Barroso, que se celebrou no municipio portugués e na que xa se promoveu Xantar, e que ademais contou coa presenza do

entidades do Norte de Portugal, tal e como explicou a delegada da Xunta durante a súa intervención: “fixemos das fronteiras unha ferramenta de crecemento, en lugar de elementos de división ou separación”. Este convenio reforza as xa de por si boas relacións existentes entre Montalegre e ven significar unha suma de esforzos que garante a promoción das súas actividades e a visita de galegos a Montalegre e de portugueses á cidade de Ourense. Esta estratexia que Expourense mantén coas entidades da Eurorexión contribúe a pór en valor a gastronomía, a artesanía e o turismo propio de cada rexión e fomenta ademais novas dinámicas que posibilitan novas oportunidades para as economías locais. Montalegre e Expourense son agora socios estratéxicos e xuntos traballarán para dinamizar o turismo e as actividades socioeconómicas de ambos lados da Eurorexión. Portugal é un pia fundamental en Xantar, tanto a nivel de expositores como visitantes.



■ Stand de Expourense na XXV Festa do Fumeiro e Presunto de Barroso.

a esta vila na capital do motor da Eurorexión durante eses días. Convenio de colaboración A Cámara Municipal de Montalegre e a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense) asinaron no municipio portugués

sinatura, na que participaron o presidente da Cámara Municipal, Orlando Álves, e a directora de Administración de Expourense, Cristina Álvarez Bermejo, tivo lugar no marco da inauguración da XXV Festa do Fumeiro e Pre-

secretario de Estado das Autarquías Locais, Carlos Miguel, e da delegada territorial da Xunta de Galicia en Ourense, Marisol Moureira. Este convenio reforza a cooperación transfronteiriça que Expourense mantén con distintas

Parada de Sil promocionase no Salón Internacional de Turismo Gastronómico

O Concello de Parada de Sil estará presente, un ano máis, no Salón de Gastronomía que organiza Expourense. Abrirá un restaurante e promocionará as empresas e colectivos do municipio así como a súa gastronomía, patrimonio e natureza xa que todas as paisaxes de Parada de Sil teñen unha linguaxe escondida que se deixa oír a quen queira escoitalo. O Canón do Sil xera microclimas especiais: o seu espectacular relevo produce unha escala natural de ambientes, dende a paisaxe minuciosa de ribeira ata os horizontes abertos da montaña. Preto do río, encontrará o turista especies típicas de zonas mediterráneas e soutos que deixa paso, máis arriba, a

fermosas carballeiras. A Área recreativa de Pradomao é un bo lugar para merendar e quizais para un baño na praia fluvial. Tamén se pode percorrer un sendeiro duns catro quilómetros que, pasando por Pradomao e a súa calzada romana, chega á aldea da Hedrada. A Ermita de Triguás é unha das máis coñecidas ermidas dunha zona en que a arquitectura relixiosa se despeza en múltiples exemplos. A despoboación desta comarca provocou que se deixase de celebrar a romaría en Triguás o 12 de setembro, Doce Nome de María. Situado un pouco máis abaixo da ermita está o miradoiro. Dende alí vese un compendio de todas as paisaxes que contén a Ribeira Sacra, produto dunha his-

toria xeolóxica única. Si o turista se achega ao miradoiro de Os Torgás (ou Balcóns de Madrid) pode visitar o pozo situado detrás do campo de fútbol. Esas pedras gardan a memoria da loita ancestral que manteñen a especie humana e o lobo. En Entrambosríos encontre un dos moitos castiñeiros milenarios que hai en Parada de Sil, inmediatamente antes da aldea, preto da estrada de acceso. Os Muíños de Entrambosríos encontre ao percorre o sendeiro, aínda que tamén se pode acceder dende a estrada na aldea de Entrambosríos, baixando uns 250 metros, moi preto do vello castiño. Aínda quedan exemplos de magníficos soutos (castañais) ben mantidos como o Souto de Santo

André. Para visitar Santo André pódese ir en vehículo ou camiñando uns 300 metros dende Purdeus, pequeno lugar preto da Casalta. Se o turista se detén no aparcadoiro que hai antes do desvío a San Lorenzo verase a zona de viñado. Dende alí, por camiños de servizo, hai a posibilidade de dar un paseo entre as vides. En San Adrián, Sacardebois, está Adegas Valcar á vangarda da última tecnoloxía. Dispón do código QR. Seleccionando o código QR na aplicación BIDI de calquera dispositivo móbil se pode dispoñer en dous segundos de toda a información da adega e os seus viños, así como catas, novas, ligazóns, vídeos, e ata comprar. Adegas Valcar está cada día máis accesible a todo

o mundo. Por outra banda, a fadista María do Ceo, adicou unha canción as estas adegas. Ao pe do río Mao está a Fábrica da Luz á que se accede desde un desvío da estrada que vai de Parada de Sil á A Teixeira. Dende esta antiga central hidroeléctrica sae un sendeiro que por unha pasarela de madeira permite percorrer o último tramo do curso do río Mao (percorrido duns 850 metros).



Feira
Pulpería

Sebastián Aparicio, 4 • T. 988 68 66 28 • OURENSE

Plaza del Carbayón, 4 • T. 984 84 27 57 • OVIEDO

San Bernardo, 23 • T. 985 09 01 17 • GIJÓN

restaurantefeira.com

Feira
Pulpería Taberna Gallega

O pulpo de Arcos en Ourense. Oviedo e Gijón

Maestro Pulpeiro

O Concello reforza as actividades de Entroido en colexios e bibliotecas



■ Grupo de participantes na Taberna do Perico.

A Concellería de Educación do Concello de Ourense implicará os escolares na celebración do Entroido 2016 con diferentes actividades que se desenvolverán nos centros educativos e bibliotecas municipais. Serán obradoiros nos que nenos e nenas aprenderán a elaborar as súas propias comadres e compadres, obradoiros, lecturas, conta contos e festas do Entroido nas bibliotecas municipais e, como novidade, obradoiros sobre a Festa da Pita, coa finalidade de achegarlles aos escolares esta celebración, única na nosa cidade. Nos centros de ensino continúan un ano máis os obradoiros para escolares Primaria de confección de compadres e comadres. Monitores especializados desprazáronse aos colexios levando todo o material necesario para a súa realización e o resultado deste traballo viuse na Praza Maior o día 28 de xaneiro Xoves de Compadres e tamén acontecerá o 4 de febreiro ás 11.30h nos tradicionais Xoves de Comadres. Participan nestes obradoiros un total de 365 nenos e nenas de 9 centros de ensino da cidade. Os obradoiros comezaron o luns, 18 de xaneiro no CEIP In-

maculada e se desenvolveron tamén nos colexios Irmáns Villar, San José, Maristas, José G García (Mende), Manuel Sueiro,



■ Aviadores na Casa do Pulpo.

Amadeo Barroso, Seixalbo e CEE Miño. Como novidade este ano moitos establecementos comerciais da rúa da Paz están decorados con compadres e comadres realizados por alumnado dos centros participantes. O Concello impulsa unha nova actividade para dar a coñecer algunhas das nosas tradicións relacionadas co Entroido como é o caso da Festa da Pita. Membros da Asociación cultural "Amigos da Pita" visitaron os CEIP As Mercedes, Manuel Sueiro e Curros Enríquez, onde ofreceron unha charla sobre a orixe desta festa, repartiron 30 olas por centro, realizaron traballo artístico de pintado das olas co profesorado de plástica, con posterior exposición e recollida das olas.

Bibliotecas municipais

Desde o 11 de xaneiro trabállase tamén o Entroido nas bibliotecas municipais, dentro do programa de Animación a Lectura. Esta actividade está incluída na nova programación deste trimestre nas Bibliotecas co nome "Contos e estrelas". Realízanse obradoiros (creación de máscaras, anteface, disfraces con material de refugallo,...) e dáse a coñecer aos nenos e nenas dos barrios os diferentes entroidos da pro-



■ "Pepe callos" no Fuentefría.

vincia de Ourense a través das lecturas en alto, os contacontos, as representacións teatrais e historias. O día 4 de febreiro ás 18,00 horas dará comezo a celebración da festa do Entroido na biblioteca municipal de San Francisco onde este ano, tanto nenos e nenas como pais e nais, xa están preparando os seus disfraces de pallaso con material de refugallo e funxible. O día 5 de febreiro ás 18,00 horas dará comezo a celebración da festa do Entroido na biblioteca municipal da Carballeira onde haberá: baile de disfraces e concurso con diferentes categorías. Nela poderán participar todos os que o desexen. Os días non lectivos as bibliotecas permanecerán abertas no seu horario habitual de 10,00 a 13,30 e de 16,30 a 20,00 e o luns de Entroido e o mércores de cinza a Animación pasará as mañás de 11,00 a 13,00 para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.

Lamprea • Bacallau
Carne richada • Filloas

T. 988 257 700
Cima da Costa,
Castro de Beiro (Ourense)
www.outarelo.es

OIL PINTUCO

Recollida de aceites.
Graxas vexetais.
Limpeza de filtros.

Correo: oilpintuco@gmail.com
AMOEIRO (Ourense)

680 956 669
675 860 424

Galicia

Redacción de OURENSE

Baltar prexudica a imaxe da Deputación e o funcionamento da institución, segundo o PSOE

“Namentras o presidente se adica a atender os seus asuntos persoais e ir de xira promocional en múltiples viaxes, os verdadeiros asuntos importantes que atañen á vida diaria dos habitantes dos concellos de Ourense, quedan descoidados”, asegura nun comunicado o Grupo provincial socialista.

Cita o comunicado as “imprescindibles axudas que a Deputación destina, en materia económica técnica e xurídica, aos servizos sociais comunitarios dos concellos. “O ano pasado, por estas mesmas datas, as entidades municipais e mancomunidades, contaban, dende o 4 de decembro de 2014, coas bases reguladoras que lle daban acceso a estas axudas imprescindibles, sobre todo en materia de asistencia aos servizos de axuda no fogar para concellos de menos de 20.000 habitantes, que no caso de Ourense, son todos. En troques, este ano, a día 8 de xaneiro, non se teñen noticias das mesmas bases e os concellos, polo momento, non saben a qué aterse nunha materia tan delicada que incide na vida diaria de todos os veciños/as. Tanto no caso do SAF coma nas cuestións técnicas, os concellos, contaban, alomenos cunha previsión para o ano entrante. Dada a situación demográfica da provincia de Ourense, onde

se da un alto avellentamento po-boacional, a asistencia en materias

que o goberno provincial do señor Baltar está entregado a un xeito de

cuestións frívolas coma ser o primeiro en presentar orzamentos, tal



■ Ignacio Gómez, portavoz socialista na Deputación de Ourense.

coma a axuda no fogar, debe ser prioritaria” dí o PSdeG-PSOE. Dende o Grupo provincial socialista, reiteran, como levan alertando meses,

facen política, baseado no posturo, na superficialidade e na auto-promoción. “O presidente da Deputación parece máis interesado, en

como fixo en setembro, pero só para quedar ben de cara á galería, sen trasfondo nin planificación real á hora de abordar as cuestións im-

portantes”. Dende o Grupo Socialista, denúciase que “estamos a padecer a peor xestión ordinaria da historia desta provincia, cun presidente que se permite o luxo de botar meses nos que acode menos de 10 días á sé provincial. No canto de facer tanta rolda de prensa insustancial e sacar tanta foto para darse bombo, dende o Grupo provincial Socialista, recoméndanlle a José Mamuel Baltar que atenda, de xeito produtivo, aos asuntos que afectan á provincia e recorde a verdadeira función da institución que preside, que non é outra que asistir aos concellos de Ourense”. Dende o Grupo Provincial socialista, coñecen que esta situación de desleixo, vén derivada da notable preocupación que tivo Baltar nos últimos tempos, polo que il deu en chamar motivos persoais. Como xa veñen defendendo, os socialistas, hai tempo: “José M. Baltar, está prexudicando, non só a imaxe da institución que preside, senón o seu funcionamento diario”.

O Teatro Principal e o Pazo dos Deportes xeran un déficit anual de dous millóns de euros

O Teatro Principal e as instalacións deportivas Paco Paz, dependentes da Deputación, xeraron un déficit próximo aos dous millóns de euros no exercicio de 2014. Tamén sucede coa Escola de Gaitas, de Danzas e de Artes e Oficios.

No 2013 o Teatro Principal quedara a pouco máis de 10.000 euros de alcanzar o millón de déficit. Na actualidade o resultado sitúase en 812.515,09 euros negativos. Ademais do Teatro Principal, todos os servizos que ten actualmente a entidade provincial a disposición dos ourensáns, xeran perdas. Acontece coa Escola de Artes e Oficios que acada os 148.771,09 euros negativos; coa Escola provincial de Gaitas con 394.036,77 euros en negativo e ca Escola de Danzas que ten en negativo 131.118,60 euros. No caso do Pazo dos Deportes os datos reflicten que o déficit incrementouse. No ano 2014 perdéronse 949.771,85 euros, o que supón uns 8.000 máis que no exercicio anterior. Todos eles son deficitarios si aténdese á memoria justificativa

de rendementos e custos elaborada polos técnicos de Intervención da Deputación en relación a todos os servizos da institución. O Plan 2015-2019 era o programa electoral provincial do PP nas últimas municipais e, tras gañalas, o presidente da Deputación, José Ma-

nuel Baltar Blanco, adoptou ese documento como guía do seu goberno para estes novos catro anos de mandato. As promesas nel incluídas contan cun cronograma para a súa posta en marcha e a primeira é unha “nova fórmula de xestión de espazos culturais e de-

portivos”. A Deputación buscou a colaboración do Concello de Ourense para coordinar as axendas culturais de ambas as entidades, pero Baltar tamén pretende que a cooperación co Concello funcione para decidir como xestionar eses servizos posto que os seus princi-

pais beneficiarios son veciños da capital. Cando o presidente da Deputación tomou as rendas da institución provincial, no ano 2012, unha das súas prioridades foi a de abordar solucións para servizos deficitarios. En varios casos, a procura de novas fórmulas de xestión pasaban polas externalizacións. Así ocorreu, por exemplo, cos centros ecuestres da Limia e Vilamarín, que están alugados a empresas privadas. Ademais, a Deputación quería constituír unha sociedade mixta xunto a un socio privado para externalizar a recollida de lixo que actualmente se realiza en máis da metade dos concellos, pero os recursos xudiciais presentados demoraron o proxecto. Nalgunha ocasión Baltar dixo que tamén se estudaría esa posibilidade para a sección de Vías e Obras.



■ Pazo dos Deportes “Paco Paz” dependente da Deputación de Ourense.

Redacción de OURENSE

Mostra de Teatro de Ribadavia



■ Manuel Doval e Ignacio Gómez asinando o convenio

O deputado provincial de Cultura, Manuel Doval, e o alcalde de Ribadavia, Xosé Ignacio Gómez, asinaron un convenio de colaboración entre a Deputación de Ourense e o Concello de Ribadavia para a promoción e co financiamento da Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia correspondente ás anualidades de 2015 e 2016. A Deputación de Ourense destina 35.000 euros para a XXXI edición da MIT- 2015 e a mesma canti-

dade para a XXXII edición da MIT- 2016. A través deste convenio ambas institucións recoñécense como promotores conxuntos da celebración das anteditas edicións da MIT, impulsando a súa celebración dada a relevancia cultural a nivel provincial e autonómico que ten este certame sendo unha celebración consolidada de gran atractivo para o municipio, a comarca e a provincia. A XXXII edición da MIT de Ribadavia será do 18 ao 25 de xullo de 2016.



■ Casa do Concello

Ampliación de material de emerxencias para concellos

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, visitou ao Grupo de Emerxencias Supramunicipais do Pereiro de Aguiar e fixo entrega dun equipo de excarceración e un vehículo todoterreo, que reforzarán a atención das emerxencias neste concello ourensán. Alfonso Rueda acudiu á sede deste GES

llóns de euros, achegados pola Xunta, as catro deputacións provinciais e os concellos. Ademais da garantía de continuidade ao importante labor que veñen desenvolvendo nos últimos anos preto de 300 profesionais. O Goberno galego traballa coa finalidade de que as emerxencias se atendan coas mesmas garantías

de Aguiar, que conta con 24 efectivos, e colaboran activamente para reforzar e mellorar a atención ás emerxencias do concello ourensán.

Pola súa banda, o director xeral de Emerxencias e Interior, Luis Menor, fixo entrega no recinto de Expourense de catro vehículos e sete remolques con mate-



■ Alfonso Rueda co alcalde e o grupo de emerxencias de Pereiro de Aguiar.

acompañado polo alcalde da localidade, Eliseo Fernández, o director xeral de Emerxencias e Interior, Luis Menor, e a delegada da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira. O vicepresidente destacou a aposta da Xunta polo reforzo das emerxencias en Galicia, como amosa a recente autorización por parte do Executivo galego da renovación do convenio dos GES ata o ano 2018. A renovación deste compromiso cos 24 grupos operativos en Galicia conta cun investimento de máis de 22 mi-

de eficacia e eficiencia, independentemente do lugar onde se produzan. Para iso é necesario incrementar e mellorar a dotación de recursos destinados a este fin, tal e como se fixo no Pereiro de Aguiar. O equipo de excarceración e o vehículo todoterreo que se lle entregou aos GES supoñen un investimento de máis de 75.000 euros e un importante reforzo do grado de seguridade dos cidadáns. Rueda salientou o traballo da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil no Concello do Pereiro

de intervención de emerxencias a once entidades locais da provincia de Ourense. En concreto, entregáronse catro todoterreos pick up para os concellos de Avión, O Barco de Valdeorras, A Mezquita e Viana do Bolo; e sete remolques de emerxencias para O Carballiño, Verín, Xinzo de Limia, Maceda, Piñor, Ribadavia e a agrupación de concellos de Laza. O investimento superou os 270.000 euros, que se suman ao millón de euros xa investido nesta materia durante o ano 2015.

O Concello implícase na mellora do polígono das Coiñas

O alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, e os concelleiros de Promoción Económica, Jorge Pumar, e Infraestruturas, José Araújo, mantiveron unha xuntanza no Concello coa directiva da asociación de empresarios do polígono industrial do barrio do Vinteún. O obxectivo foi, segundo explicou o alcalde, coñecer as necesidades de mellora de infraestruturas deste polígono, popularmente coñecido como As Coiñas, que constitúe nun dos motores económicos e de mantemento de emprego da cidade. O alcalde ofreceu o compromiso do Concello de colaborar coa asociación para obter o financiamento que permita acometer as melloras.

Goberno municipal e asociación empresarial analizaron as diferentes ordes de axudas convocadas pola Xunta de Galicia dirixidas a concellos, nas que se poderían incluír proxectos de mellora de infraestruturas deste polígono industrial. O Concello de Ourense concorrerá a estas convocatorias de axudas, que outorga a Xunta, co obxectivo de acadar apoio para proxectos de mellora do polígono industrial, comprometéndose a cofinanciar as obras que se executen. Alcalde e empresarios manterán novas xuntanzas próximamente para avanzar nesta liña de traballo, destinada a darlles o apoio preciso ás empresas que acolle o polígono industrial.



■ Xuntanza do alcalde cos empresarios do polígono das Coiñas.

Galicia

Redacción de LUGO

Por: Décimus Magnus

Turismo oriental na Ribeira Sacra



■ Do restaurante aCantina sae o tren turístico polos viñedos de Doade e Amandi

Que a Ribeira Sacra ten tirón turístico é un feito que non necesita ningunha demostración, á vista está. Cidadáns do Oriente, a máis de 13.000 quilómetros chegaron ao Canón do Sil, e tras tomarse tranquilamente un caldo galego no restaurante aCantina, en Doade, dedicáronse á contemplación da historia de heroes anónimos que traballaron as abruptas ladeiras desde hai 2000 anos. Pareceulles asombrosa a extraordinaria paisaxe que tiñan diante das súas retinas, a bordo dun tren turístico cuxo obxectivo é, precisamente ese: que os visitantes se deleiten e namoren da extraordinaria natureza que temos nas terras de Lemos. En fin, que se engaiolen con todo o que a zona de Amandi significou desde que a raíña Isabel II de Portugal, alá polo ano 1124, deulle o nome de "Rivoira Sacrata", é o que sucede a miúdo grazas á promoción que o restaurante aCantina, o tren turístico e Adegas Regina Viarum, conxuntamente, están a levar a cabo co maior operador turístico de China e iso leva consigo que cunha cadencia quincenal achéguese a Doade grupos de chineses que, por certo, quedan anonadados entre a forte espiritualidade que imprime o Canón do Sil co sintoísmo. Un grupo de chi-

neses chegaron dende Madrid para visitarnos. E pasárono estupendamente. Con caldo galego e outras viandas, co néctar dos deuses crecido nas abas de Doade-Amandi todo iso dourado cunha celestial música, todos queren volver.

28.000 turistas en 2015

Doade é actualmente o lugar máis visitado polos seus espectaculares viñedos, a impresionante paisaxe, berce da viticultura heroica pois en ningún outro lugar os desniveis son tan abruptos e, por descontado, onde se atopa na actualidade en mellores condicións de produción e visualización cara á promoción turística. En Doade, parroquia do Concello de Sober, que

está a rexurdir do abandono en que quedou como consecuencia das políticas agresivas ao campo así como o éxodo rural que nos tocou vivir, conflúen os elementos anteriormente citados aos que se unen iniciativas empresariais singulares e que o fan diferente: o servizo do tren turístico que este ano recibiu e transportou 8.147 turistas. En 2015 chegaron en autocares 162 grupos procedentes de toda España para realizar o tour turístico. Eran turistas procedentes de todas as comunidades autónomas e de EEUU, Alemaña, Holanda e Portugal.

A raíña dos camiños

As Adegas Regina Viarum recibiron este ano 20.000 visitas, converténdose así na adega máis visitada de toda Galicia e, por descontado, con moita diferenza con respecto ás outras da Ribeira Sacra. Os seus propietarios están a impulsar o enoturismo e investiron grandes sumas de diñeiro para facela atractiva ao visitante coa Vía Appia, o miradoiro e pronto outros elementos ornamentais. Doutra banda, Doade está a converterse nunha referencia turística grazas á planificación da arte no campo, en base á recreación de dispositivos romanos como a recentemente instalada Magna Rola. A "Asociación Amigos de aCantina" está a



■ Un grupo de chineses degustando a comida da Ribeira Sacra.

impulsar o turismo oriental e xa son moitos os xaponeses e chineses que aquí chegan para a realización dun pack turístico: tour no tren das viñas, visita a Regina Via-

rum e degustación de produtos galegos no Restaurante aCantina. A parte, da forte atracción que supoñen os catamaráns explotados pola Deputación de Lugo.



■ Excursión en tren por estrada co río Sil no fondo da montaña.



XXXVI FEIRA DO VIÑO DE AMANDI

Do 3 ao 7 de febreiro: presentación en Xantar. Expourense.

Día 20 de febreiro: presentación do cartel e do Mes de Amandi nos Muíños do Xábrega.

19 e 20 de marzo: celebración da Feira do Viño de Amandi 2016.

Praza do Concello s/n - 27460 - Sober - (Lugo) T. 982 46 00 01 - T. 982 46 00 05

info@concellodesober.com

www.concellodesober.com



Xantar presentouse en Morelos, que representará a México como país invitado

O Estado de Morelos representará a México como país convidado en Xantar 2016, o Salón Internacional de Turismo Gastronómico que se celebra en Expourense do 3 ao 7 de febreiro.



■ Rubín Carballo presentando en Cuernavaca (México) as feiras internacionais Xantar e Termatalia 2016.

A capital do estado, Cuernavaca, acolleu a presentación oficial desta cita, que é a única feira internacional de turismo gastronómico celebrada en España e na que quedou patente a forte aposta que Morelos fixo por Xantar. O acto contou con gran participación de representantes institucionais, empresarios do sector da hotelería e a gastronomía e profesionais e máis de 30 medios de comunicación. O director de Xantar, Alejandro Rubín Carballo, estivo acompañado pola secretaria de Turismo do Estado, Mónica Reyes Fuchs, polo Fideicomiso de Turismo, Sergio Perea

Garza, e polo representante do Conservatorio da Cultura Gastronómica Mexicana, Arturo Contreras. Mónica Reyes indicou que “a participación de Morelos en Xantar é resultado de esforzos conxuntos entre o goberno estatal, empresarios e unha sociedade especializada na organización de eventos que levan a nosa gastronomía por todo o Mundo”. O director de Xantar presentou os obxectivos da participación de Morelos no salón indicando que “Morelos ten todo o necesario para representar a México nesta xanela gastronómica europea, na que se busca que o país convi-

dado conquiste a turistas culinarios que buscan experiencias nos mellores destinos turísticos do mundo”. Tamén se informou de que unha ampla delegación de empresarios da hotelería e a gastronomía visitará Ourense para participar en Xantar. Esta presenza facilitará novas oportunidades de negocio e relacións comerciais entre Galicia, España e México no sector da alimentación. Ao termo deste acto degustouse o menú que Morelos vai ofrecer aos visitantes a Xantar 2016 e que está composto por varios pratos integrados na tradición culinaria mexicana preparados cunha

técnica vangardista e estará maridado con viños da Denominación de Orixe Ribeiro. Para elaborar este menú, Morelos aposta forte polo seu papel en Xantar e despraza ata Expourense a unha delegación integrada por oito dos seus mellores chefs para que sexan os encargados de elaboralo e que ademais realizarán varios showcookings sobre cociña mexicana. Entre esta delegación atópanse os xefes de cociña dalgun dos mellores establecementos hostaleiros do estado. O menú de 25 euros será: Entrantes “Chalupas de Morelos”; Ensalada “Paísaxe de Tepoztlan”; Crema de

Frijol Morelense: Carnitas de Pato en triloxía de moles e Mousse de Guayaba e “Tradición de Cuernavaca”, pan e viño, ofrecido pola D.O. Ribeiro.

Termatalia México

O Estado de Morelos participará un ano máis en Termatalia que este ano ademais celébrase en México, en concreto en Arteaga-Salttillo en Coahuila entre o 29 de setembro e o 1 de outubro. Esta presenza foi pechada durante a presentación de Termatalia México 2016 celebrada na Cuernavaca. Morelos é o primeiro estado mexicano en confirmar a súa presenza na próxima edición. O director da feira, Alejandro Rubín, realizou unha presentación da próxima edición na que estivo acompañado por un dos principais socios de Expourense neste estado, o director do World Trade Center de Morelos, Alejandro Noriega, e polo Fideicomiso de Turismo, Sergio Perea Garza. Tamén participaron de forma activa nesta presentación distintos representantes institucionais relacionados co turismo no estado e varios membros da directiva da Asociación Latinoamericana de Spa-ALTSPA, a principal asociación empresarial do sector en México. Asistiron o seu presidente, Tony Androne, e outros membros da Patricia Hernández e Antonio Arredondo, quen exerce de delegado de Termatalia para a Península de Baixa California. Tampouco faltou a esta importante cita a delegada da feira para México Sueste e Golfo, Marianela Pena.

San Adrián - Sacardebos CP 32747 - Parada de Sil - Ourense Tel: 988 20 82 45 - Fax: 988 20 82 46 - Móv: 695 69 07 66
www.adegasvalcar.com - E-mail: adegasvalcar@adegasvalcar.com

APSNAIS cumple 50 anos ao servizo das persoas con discapacidade intelectual



O presidente da Deputación, Darío Campos Conde, participou no acto de conmemoración dos 50 anos de APSNAIS, que tivo lugar no Salón Regio do Círculo das Artes de Lugo. Campos Conde felicitou a este colectivo lucense polos seus “50 anos de incesante labor para mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e facilitar a súa integración social, educativa e laboral”. “Como presidente da Deputación de Lugo, estou moi satisfeito da colabo-

ración que vimos mantendo con APSNAIS; unha entidade que naceu en 1966 para dar solución á incomprensión e ao illamento no que vivían daquela a maioría das persoas con discapacidade intelectual, especialmente no rural”. Darío Campos engadiu que “durante anos, as persoas con discapacidade intelectual viviron recluídas nunha infancia permanente, e os seus dereitos como cidadáns non sempre foron recoñecidos. Por sorte, os avances sociais e as políticas que trouxeron os Gobernos

progresistas, brindáronlles a oportunidade dunha maior autonomía”. Sen embargo, dixo o presidente da Deputación, “nos últimos anos sufrimos continuos recortes en políticas sociais, dando axigantados pasos atrás no eido social. A brutal tixeira social foi unha grande dificultade, sen dúbida, a maior sufrida nas últimas décadas. Pero non foi un impedimento para que os profesionais, voluntarios e familias de APSNAIS continuáse coa vosa traballo”. O presidente subliñou que “dende hai 8 anos, temos un compromiso claro e decidido polos avances sociais, pola igualdade e a integración. Estamos orgullosos das nosas colaboracións sociais, como a cesión gratuíta das instalacións do antigo hospital San José á ASPNAIS; pois permitirá duplicar as vosas prestacións, ao tempo que pon en valor o patrimonio público, dándolle unha utilidade social”. “Considero -dixo- que todas as administracións debemos recoñecer as cinco décadas de incesante traballo de APSNAIS, implicándonos na mellora e ampliación dos vosos servizos e, en definitiva, na mellora da calidade de vida das vosas familias. Creo que é de xustiza facelo”. Campos Conde brindou a APSNAIS a colaboración permanente da Deputación e

salientou que “estou seguro de que xuntos, administracións e familias, conseguiremos responder a unha das maiores demandas actuais da cidadanía: a xustiza social e a equidade. Unidos recuperaremos o noso dereito de ser tratado todos por igual, respectando as nosas diferenzas”.

Fundación TIC

Durante a gala proxectouse un vídeo de 14 minutos elaborado pola Fundación TIC no que usuarios, familiares, monitores e membros da directiva dan resposta, coa súa testemuña directa, a varias preguntas sobre a asociación: que é Aspnais, quen son os “chicos” de Aspnais e cal é o futuro da organización. A TIC tamén realizou dous spots, un en galego e outro en castelán, para dar unha maior difusión ao labor que desenvolven os talleres ocupacionais. Estes traballos audiovisuais forman parte do convenio asinado entre o organismo dependente da Deputación e Aspnais co obxectivo de apoiar o importante labor social que desempeña esta ONG. A TIC colabora con máis 150 asociacións culturais, deportivas, agrupacións veciñais e entidades sen ánimo de lucro de toda a provincia.

Asistencia técnica para concorrer ás axudas polos temporais

O voceiro provincial socialista, Álvaro Santos Ramos, informou que a Xunta de Goberno da Deputación, aprobou unha guía de colaboración para ofrecer aos concellos asesoramento técnico e administrativo para concorrer ás axudas que vén de aprobar o Goberno Central por dano en infraestruturas producidos polos temporais que tiveron lugar a comezos do 2015. Santos Ramos explicou que se trata dun novo servizo gratuíto para os municipios que se pon en marcha dende o departamento de Xestión Territorial, pois é a área provincial que conta co persoal especializado para esta prestación. Con esta iniciativa, a Deputación continúa a reducir custos e a aforrar cartos aos municipios lucenses. “Na provincia de Lugo, segundo o Estado, os 8 concellos que tiveron danos e, polo tanto, poden concorrer a estas subvencións son: Begonte, Cervantes, Guntín, Lugo, O Incio, Outeiro de Rei, Quiroga e Xermade. O Estado subvenciona ata o 50 % dos custos das actuacións a executar e o prazo de solicitude é de 2 meses” informou o voceiro. Os Concellos poderán elixir entre dúas vías de colaboración, coas que o organismo provincial lles aforra custos pois, no caso de non contar con

persoal especializado, non terán que recorrer a contratacións externas. Por un lado asistencia técnica e administrativa, que implica o estudo dos danos con visitas in situ dos técnicos, a recompilación de toda a memoria fotográfica sobre o estado da infraestrutura, informes con asesoramento sobre as melloras a levar a cabo para previr posibles novos danos e a redacción dos proxectos finais. Por outra banda, xestión directa, que implica, ademais do asesoramento técnico, da recompilación de toda a información fotográfica e da redacción do proxecto a tramitación das axudas ante o Ministerio de Facenda e Administración Pública. Neste sesión da Xunta de Goberno tamén se aprobou iniciar o proceso de contratación de novo material para o Parque Móvil co que continuar co arranxo de estradas provinciais e municipais, aforrando cartos aos concellos, pois a Deputación asume con medios propios o acondicionamento das vías locais. A adxudicación, que é a de áridos para os anos 2016 e 2017, conta cunha partida de 170.000 euros. Na sesión, tamén se comezou coa contratación dos servizos de impresión, manipulado e entrega nas oficinas de Correos das comunicacións do ser-

vizo de Recadación. O importe máximo é de case 38.000 euros para dúas anualidades. Trátase dun servizo imprescindible para poder levar a cabo a xestión da recadación de taxas e impostos que 60 Concellos da provincia teñen delegados na Deputación de Lugo.

Emprego

A Xunta acordou renovar os contratos de 4 axentes de emprego e desenvolvemento local a través das subvencións da administración autonómica que asumen o 30% dos custos laborais. A cantidade restante, asúmea a Deputación. A Xunta achega, exactamente, 51.466,20 euros, que representan o 30%, cando podía achegar o 35%. Polo tanto, a Deputación correspóndelle 120.000 euros, o 70% restante. Tamén se resolveu a contratación doutros 54 desempregados da provincia a través do Ben Empregado, que comezarán a traballar noutras tantas empresas e entidades da provincia. Trátanse de peóns gandeiros, albaneis, mecánicos, soldadores, director de empresa... A Deputación aprobou solicitarlle á Xunta de Galicia 4 obradoiros para desempregados, dous para a Granxa Gayoso Castro,



pois trátanse das accións formativas Xestión de repoboacións forestais e de tratamentos silvícolas e Gandería Ecolóxica; e outros 2 ao Pazo de Tor, que son os de Dinamización de Actividades de Tempo Libre Educativo Infantil e Xuvenil, e Dinamización Comunitaria. Santos Ramos destacou que “o ano pasado, a Xunta rexeitou 3 accións formativas para a inserción laboral de 65 persoas e non quixo concedernos o obradoiro para reparar o Miradoiro de Mondoñedo, un de

servizos sociais e outro que solicitamos xunto con COGAMI”. A Xunta de Goberno aprobou actuacións de emerxencia por valor de 60.000 euros na estrada LU-P-5501, de As Rodrigues a Marco de Álvarez, no Concello de Riotorto. Santos Ramos explicou que esta vía viuse moi afectada por todos os temporais que atravesaron a provincia de Lugo durante as últimas semanas. Finalmente acordou tamén iniciar os trámites para a reparación e mellora dos catamaráns.

Redacción de OURENSE

“Viva san Sebastián, o bispo e o can; a Marcela e a cadela”



■ A alcaldesa, Sara Inés Vega Núñez, prendendo o seu fachón.

A Festa do Fachós celebrouse en Castro Caldelas entre o lusco e fusco do día 19 de xaneiro cando as xentes, provistas de “fachós” (feixes de palla a xeito de antorcha) reuníronse no adro da igrexa dos Remedios. Cando se fai totalmente de noite préndese o fachón grande, este ano de 37 metros, e a partir deste os máis de 500 fachós pequenos. Co estoupido do primeiro foguete, arrinca a procesión encabezada polos gaiteiros. Entre berros de alegría e vivas ao san Sebastián a procesión

recorre a Praza do Prado e as rúas empedradas do casco vello coroadas polo castelo iluminado mentres repenican as campás dos campanarios de Os Remedios e da igrexa de Santa Isabel (no Cima da Vila). “Viva san Sebastián, o bispo e o can; e a Marcela e a cadela..”, berran os participantes. Vólvese ao lugar de orixe, onde se tiran os restos dos fachós nunha enorme fogueira. Os homes erguen os borralleiros das pallas aínda ardendo e as moxenas voan polo adro da igrexa facendo bulir a xente ao

carón do lume. Mozas e mozos saltan por riba do lume. Logo o Concello distribúe aos asistentes produtos da zona: pan con chourizos, viño, licor café, bica e queimada. A festa continúa ao son dos gaiteiros ata altas horas da madrugada do día 20, festa local. A orixe desta festa non é clara. Hai explicacións e lendas para tódolos gustos. Así, dise que o desfile reproduce o que os cristiáns realizaron, tamén de noite e con fachós, na procura do corpo do mártir san Sebastián. Outra teoría relacio-



■ O fachón de 37 metros pola rúa do Sol.

nada con este santo, documentada nos libros da parroquia, di que ante un episodio de peste os veciños reuníronse en concello para buscar unha solución e foi cando ao invocarse ao santo se lles ocorreu a idea de recorrer a vila e queimar as pertenzas dos apestados, acabando así co andazo. Daquela se ofreceron a declarar ao santo patrono da vila e reprodu-

tiña una casa, vincula a orixe a ritos celtas de culto ao sol, astro que no inverno perdía forza e estas fogueiras servían para que a recuperara. O feito é que a pesar do incerto da súa orixe a festa está documentada dende o ano 1753. Ata hai uns anos os veciños acudían con cadanseu fachón. Na actualidade, ante a falta de palla mallada o Concello realizar a se-



■ Fachós pequenos pola Praza do Prado.

cando a festa dende aquela data. Vicente Risco, coñecedor de lendas e destas terras, onde a súa familia

mente, sega e malla ao xeito tradicional para que así se podan para facer os fachós.



■ Asando 4000 chourizos.



■ Fogueira no adro da igrexa dos Remedios.

Galicia

Redacción de OURENSE

Xantar 2016, única feira internacional de turismo gastronómico de España

Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico, celebrará en Ourense do 3 ao 7 de febreiro a 17ª edición situando á gastronomía como motivación turística de primeiro nivel e ofrecendo ao visitante a posibilidade de asomarse a esta xanela gastronómica internacional que presenta os sabores de España, Portugal e de México, que este ano será o país invitado representando polo Estado de Morelos. Esta cita ratificou por terceiro ano consecutivo o selo de "Feira Comercial Internacional" outorgado polo Ministerio de Economía e Competitividade, algo que o consolida como o único salón internacional especializado na promoción da gastronomía a través do turismo. Xantar foi presentado en FITUR. Nava Castro, directora da Axencia galega de turismo indicou que Xantar é "un magnífico escaparate do enorme potencial da gastronomía galega" e fixo referencia a que "a colaboración é o mellor camiño para conseguir facer realidade un proxecto e no



■ Presentación na Feira Internacional de Turismo, en Madrid, de Xantar 2016.

turismo, o feito de compartir esforzos e crear sinerxias redonda en beneficio de todos. Un exemplo diso é Xantar que xorde da colaboración interadministrativa

e intersectorial e que cada ano rexistra mellores resultados, tanto de participación como de repercusión". Jesús Vázquez, alcalde de Ourense, comentou que

"a gastronomía é xa unha fortaleza turística máis de Ourense como o é o termalismo ou o patrimonio". O director de Xantar, Alejandro Rubín, fixo unha pre-

sentación das novidades da próxima edición que está baseada en "a coordinación de esforzos públicos e privados para sorprender ao visitante". Xantar pon así en

Ven a Ourense e cómete o Mundo!

País Convidado México

Xantar

17º Salón Internacional de Turismo Gastronómico
 OURENSE, DO 3 Ó 7 DE FEBREIRO DE 2016

ESPECIAL ENTROIDO

SHOWCOOKINGS

TÚNEL DO VIÑO

CATAS

ELIXE ENTRE MENÚS DE:

www.xantar.org

Organismo:

Presenta: XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

Colabora: XUNTA DE GALICIA

Participa:

Colabora: galicia

Colabora: XUNTA DE GALICIA

valor ao turismo gastronómico como un nicho de éxito en España, xa que é o mercado europeo no que o visitante máis valora a gastronomía e no que crece continuamente o investimento do turista, chegando a supoñer o 45% do gasto diario do viaxeiro. Ademais, o turismo gastronómico dinamiza a economía local e entronca con outros atractivos do territorio como a paisaxe, a cultura e o patrimonio.

México, país convidado

O Estado de Morelos representará a México como país convidado e farao apostando forte e realizando un gran despregamento que contribuirá a sitalo como gran destino culinario internacional. Morelos participará en todas as actividades do salón ao que asistirá unha ampla delegación de empresarios da hotelería e a gastronomía do estado. Esta participación facilitará novas oportunidades de negocio e relacións comerciais entre Galicia, España e México no sector da alimentación. A participación de Morelos en Xantar 2016 foi asinada o pasado ano durante a celebración do Tianguis Turístico de Acapulco en presenza da Secretaría de Turismo do Estado, Mónica Reyes, e de empresarios da hotelería, o que supón un exemplo máis de

cooperación público-privada. Portugal, protagonista Portugal volverá ser un dos protagonistas desta cita gastronómica. Ademais da presenza de restaurantes das rexións de Porto e Norte e de varias entidades e empresas como expositores, está confirmada a visita de delegacións empresariais relacionadas co turismo e a gastronomía. A Entidade de Turismo Porto Norte é o principal socio estratéxico de Xantar no país veciño e facilitou a participación de numerosas cámaras municipais lusas que acudirán ao salón con caseta e organizarán múltiples showcookings, catas comentadas e degustacións para promocionarse así como destinos de proximidade. O programa de actividades de Xantar 2016 incluírá tanto conferencias de expertos como exhibicións de cociña en directo, ademais de catas comentadas e degustacións incluídas no chamado ?Encontro Ibérico sobre Dieta e Saúde? que afronta xa a súa 11ª edición. En total, máis de 100 actividades orientadas a profesionais e afeccionados. As actividades deste ano terán o obxectivo de apostar pola profesionalización do sector e de poñer en valor as materias primas de calidade como os produtos adscritos ás Denominacións de Orixe ou con Indicación Xeográfica



Protexida. Para dar cabida a este amplo programa de actividades, Xantar contará por primeira vez con tres aulas gastronómicas ás que se suma unha de Cata. Unha delas estará patrocinada por Repsol que será ademais a encargada de organizar showcookings nos que participarán cociñeiros con Soles Repsol como é o caso de Pepe Solla. Xantar 2016 aposta firme por fomentar a cultura vitivinícola de Galicia e repite nesta edición a creación dun Túnel do Viño que amplía con respecto á experiencia do ano anterior. O obxectivo é servir de escaparate internacional ao viño galego e poderán consultarse e probarse referencias das cinco

denominacións de orixe de viño de Galicia. É un espazo que ten o obxectivo de potenciar o consumo do viño de calidade producido en Galicia entre os visitantes profesionais que cada ano chegan ata Expourense procedentes da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, así como das comunidades limítrofes, ademais de contar coa participación de prensa especializada e bloggers gastronómicos de toda a Península Ibérica. Outra das actividades que terá continuidade será o XII Encontro Internacional de Confrarías Gastronómicas e Enófilas que espera repetir o éxito da última edición na que reuniu a máis de 40 entidades sendo o se-

gundo encontro deste tipo con máis representantes a nivel mundial. Na 17ª edición de Xantar participan unha quincena de restaurantes procedentes de Galicia, Asturias e de varias rexións turísticas de Portugal, ademais de México. En total, ofreceráse máis de 20 menús baseados nos seus produtos autóctonos e de calidade, xa que a maioría inclúen alimentos amparados por unha Denominación de Orixe ou Indicación Xeográfica Protexida. Contribuirase así á valorar os produtos agrogandeiros e pesqueiros de calidade e os beneficios para a saúde dos alimentos comprendidos na Dieta Atlántica e menús aptos para celiacos

Cocineros de curriculum intachable con experiencia en Restaurantes Estrella Michelin

Nueva carta Galaico-Lusa

La novedad del Asador's

Galicia y Portugal... ..vecinos

ASADOR'S JOSE

RESTAURANTE

En Ríos a 8 min. de Verín

Lusitana

A-52, Salida 143

Ríos, Ourense

Tlf: 988 42 52 67

647 93 31 73

Galaica

Los mejores platos de la cocina Portuguesa

Conocer y probar los sabores de Portugal, con recetas tradicionales hechas con arte contemporáneo

La cocina moderna mas cautivadora de Portugal

Carnes exóticas a la brasa: cocodrilo, canguro, avestruz, camello, bison, búfalo, cebrá, rin, caballo, potro.

Novedad: culebra pitón, jirafa, tortuga y llama.

podrá saborear lo mejor de la cocina Portuguesa y Gallega

Novas da Raia

TOMIÑO

O concello de Tomiño impermeabiliza a fachada do CRA “Manuel Garcés”

As obras veñen a paliar as humidades e filtracións producidas dende a parte superior da fachada e do tellado



O Concello ademais está levando diferentes melloras nos centro educativos, entre elas, o peche das futuras pistas de atletismo do CEP Pedro Caselles.

O Concello de Tomiño está levando a cabo melloras no edificio da sede do CRA Manuel Garcés situado no Seixo. As obras veñen a paliar os problemas de humidades e filtracións na parte superior da fachada.

Estos días estase impermeabilizando a fachada e revisando a cuberta do edificio co fin de

solucionar os problemas existentes.

O Concello de Tomiño ademais, está levando a cabo diferentes melloras nos centros educativos como as obras de peche da futura pista de atletismo do CEP Pedro Caselles. O Concelleiro responsable destas melloras nos centros educativos, Lois Vázquez, destacou “o continuo investimento que se está a levar a cabo nos centros educativos”. Segundo Vázquez “a partida de educación é ademais unha das partidas orzamentarias que se incrementou neste exercicio 2016”.

Por: A. Mota

Un roubo dos señores da Madeira

Vale a pena ouvir isto que é un escándalo um roubo ao Povo, esta situação já vem de 2012, um banco alimentado por dinheiros públicos, sendo o 5º ou 6º banco sem grande importância para o sistema, mas serviu para salvaguardar os interesses dos senhores da Madeira, e ainda por cima aquele figurão, tratava os continentais por “cubanos” e agora temos esta dívida, juntando às outras, cortaram-se nos vencimentos, nos direitos dos trabalhadores, cortou-se na saúde, no ensino, nas pensões, porque a “parelha” portas e pas-

sos diziam que vivíamos acima das nossas possibilidades, corja de malfeitores de trafalhas e mentirosos, agora temos 13mil milhões para pagar, quem vivia acima das suas possibilidades? Os banqueiros e os seus amigos. O que é que acontece a esta gente? nada. Isto só prova que os bancos não são pessoas de bem é sempre para desconfiar. Somos um Povo pacifico, somos roubados maltratados insultados na nossa inteligência, engolimos e calamos. Eu pergunto até quando?. Uma pergunta porque não se deixa falar os bancos?.

O Concello de Tomiño presenta a súa programación formativa para o 2016

A Oficina de Información Municipal de Información Xuvenil recibiu máis de 5.000 consultas no ano 2015. A oferta conta cunha ducia de cursos que veñen a complementar a formación dos mozos e mozas de Tomiño.

O Concello de Tomiño ven de presentar a súa programación formativa para o ano 2016. Na presentación aos medios de comunicación a Alcaldesa, Sandra González, fixo balanço do traballo levado a cabo dende a Oficina Municipal de Información Xuvenil ao longo do pasado ano 2015. En palabras da Alcaldesa “a Omix recibiu máis de 5.000 consultas das cales 500 foron presencias e o resto a través de medios electrónicos como correo electrónico, facebook, skype ou twitter”.

A Alcaldesa destacou da progra-

teiras grazas ao Programa Xuventude en Acción abrindo as fiestras de Europa aos xoves de Tomiño.

Segundo a Alcaldesa “a capacidade de mobilidade, de ir e vir, teñen contribuído a trazar expectativas a mozos e mozas que hai cinco anos nin sequera se plantexaran saír de Galicia”.

A Concelleira de Mocidade, Fátima Rodríguez, informou de xeito pormenorizado os cursos que inclúe este ano a programación formativa. Por un lado, celebraranse varios cursos relacionados co agro e na liña do proxecto de compostaxe que se

minarios e encontros europeos, impartirase un curso para a presentación de proxectos “iniciativa xove”.

Como ven sendo habitual noutros anos, tamén se impartirán cursos doutras linguas. Haberá de francés, portugués e inglés, este último será impartido por dous voluntarios europeos de Ucrania e República Checa que grazas ao programa Erasmus + residirán durante un ano en Tomiño.

A esta relación de cursos engadimos o de reparacións domésticas e mecánica básica do automóbil que en anteriores edi-



mación que se presentou esta mañán o seu carácter complementario na formación dos mozos e mozas do Concello, “moitos destes cursos son demandados polos propios usuarios”.

Na presentación desta mañán a Alcaldesa recordou o traballo tan importante que se ten feito dende a Omix como punto de información da rede “Eurodesk” a través do cal a mocidade tomiñesa ten participado en programas e accións doutros países europeos. O pasado ano 10 mozos e mozas tomiñesas puideron beneficiarse de seminarios formativos fora das nosas fron-

está desenvolvendo dende a Concellería de Medio Ambiente. Esta liña formativa inclúe dous cursos, un de horticultura e outro de cultivos ecolóxicos. Ademais, levaranse a cabo formación relacionada coa xestión de asociacións como é o curso para a visibilidade das asociacións e o curso básico de xestión económica para asociacións. A oferta formativa conta tamén con cursos moi demandados entre os máis novos como son o curso de monitor/a de tempo libre, curso que inclúe a homologación do título. Nesa liña, e co fin de reforzar a formación dos mozos e mozas de cara a se-

cións gozaran de grande demanda.

Finalmente, o mes de novembro contará cun curso de educación emocional, afectiva e sexual. Este é un curso ao que a Alcaldesa concedeu unha especial importancia xa que este tivo de iniciativas conlevan a “unha sociedade igualitaria dende unha óptica emancipatoria”. Segundo González, “novembro será o mes de xénero e adicarémolo a iniciativas relacionadas coa igualdade e coa non violencia. É unha iniciativa de vital importancia xa que neste primeiro mes de ano xa levamos oito mulleres vítimas de violencia de xénero”.

CERVEIRA-TOMIÑO

Amizade Cerveira-Tomiño reforça laços com candidatura transfronteiriça

Vila Nova de Cerveira e Tomiño decidiram reforçar a relação transfronteiriça, submetendo uma candidatura ao INTERREG V A Portugal Espanha. Através de uma visão compartilhada, os dois municípios apostam em estratégias de desenvolvimento e projetos que materializem a integração num único espaço.

Paralelamente à candidatura do rio Minho como marca turística transfronteiriça, também os concelhos de Vila Nova de Cerveira e Tomiño decidiram candidatar-se, em conjunto, ao INTERREG V A Portugal Espanha. Com o intuito de aproveitar sinergias resultantes da cooperação já existente, da melhoria da posição competitiva do território e da qualidade de vida dos habitantes, o principal desafio da candidatura designada de 'Agenda de Cooperação Transfronteiriça - Amizade Cerveira Tomiño' é caminhar para uma efetiva "desfronteirização".

Com um investimento total de cerca de 600 mil euros, financiado a 75%, pretende-se aprofundar e consolidar as relações institucionais através de uma programação e gestão conjunta e compartilhada dos serviços públicos, de forma a eliminar riscos de duplicação de equipamentos.

Para além disso, visa-se promover o conceito de 'eurocidadania', ou seja, estimular a participação cívica ativa na formulação de propostas e escolhas exercida de forma



democrática e inovadora ao nível transfronteiriço, implicando os cidadãos de Cerveira e Tomiño na formulação de soluções para necessidades comuns.

A presente candidatura desenvolve-se em quatro atividades complementares a implementar até 2019. A primeira atividade visa a dinamização da Agenda Estratégica Cerveira-Tomiño, organizando focus group permanentes, workshops, fóruns temáticos, ações de sensibilização, eventos em escolas e associações locais, concursos vídeo e fotografia, a criação da figura de

provedor da cidadania transfronteiriça e a implementação do projeto piloto de orçamento participativo transfronteiriço.

Já a segunda atividade incide sobre um programa de gestão partilhada de serviços locais, com destaque para o "Gotas de Água por Notas de Música", isto é, uma experiência-piloto de oferta de dois serviços, a Piscina Municipal de Vila Nova de Cerveira e a Escola de Música de Tomiño, aos 23,500 habitantes dos dois concelhos. A terceira atividade versa sobre a dinamização da economia local transfronteiriça

potenciando iniciativas empresariais baseadas no turismo, na natureza, nos serviços, entre outros.

Por último, a quarta atividade sustenta a capacitação e participação em redes de cooperação, ou seja, o intercâmbio de experiências e boas práticas com outras dinâmicas transfronteiriças e a realização das segundas e terceiras Jornadas Amizade Cerveira Tomiño.

O projeto da 'Agenda de Cooperação Transfronteiriça - Amizade Cerveira Tomiño' tem como objetivo a procura de um crescimento sustentável do território com impactos positivos na melhoria da qualidade de vida e da coesão social da população deste território comum, baseado nas potencialidades de um recurso comum como é o rio Minho, na preservação e promoção inteligente dos valores naturais, culturais e etnográficos, na partilha e otimização dos equipamentos e serviços públicos de utilização, e dos recursos humanos económicos num programa de cooperação virado para o futuro.

Por Andreia Cunha

TUI

Tui pon en valor o seu patrimonio histórico coma punto de atracción turística

A edición de fotografías antigas ou a publicación dun díptico coa ruta xudía son parte das iniciativas levada a cabo

Pór en valor o rico patrimonio tudense é o obxectivo de distintas iniciativas impulsadas dende o Concello de Tui a través da concellería de Turismo. A edición de fotografías antigas da cidade, a publicación dun díptico coa ruta xudía ou as visitas guiadas son algunhas destas actividades. Hoxe mesmo o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, e o concelleiro de Turismo, Laureano Alonso, compareceron en rolda de prensa para presentar a edición de oito fotografías da cidade datadas nos anos 50 e 60. Son da autoría do fotógrafo tudense Juan Vila quen a través do seu obxectivo reflectiu o patrimonio tudense e as súas xentes durante décadas.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, explicou que dende o goberno local fíxase coma prioridade por de relevancia o patrimonio histórico da cidade, sinalando que se trata dun elemento fundamental dentro da promoción turística da cidade. Apuntaba nese senso que o turismo é un dos elementos máis dinamizadores e que máis recursos externos achega ao municipio. Ao tempo



lembrou que en 2015 Tui foi o segundo lugar de España de onde máis peregrinos iniciaron o seu camiño a Santiago.

Precisamente parte deste patrimonio histórico de Tui está reflectido en fotografías que amosan a cidade e as súas xentes ao longo da historia. Por este motivo o Con-

cello vén de editar oito láminas con fotografías de Juan Vila nas que se recolle a rúa Martínez Padín, o convento das Clarisas, ou a antiga praza de abastos entre os anos 50 e 60. Están expostas na Oficina Municipal de Turismo na Praza de San Fernando.

Segundo avanzou o concelleiro de Turismo, Laureano Alonso, esta é a primeira colección de fotografías que edita o concello do arquivo de Juan Vila, á que seguirán outras series ligadas a distintas celebracións coma o Entroido ou as Festas de San Telmo. A edición das fotografías antigas de Tui en palabras do rexedor tudense é o preámbulo dun proxecto máis ambicioso coma é a creación dun arquivo municipal da imaxe. O concelleiro de Turismo, Laureano Alonso, aproveitou para anunciar que en Semana Santa se retomarán as visitas guiadas á cidade coma se fixo xa no verán, sumando á visita á xudería outra ao Tui medieval. Precisamente o Concello de Tui editou hai unhas semanas un díptico sobre a Ruta Xudía da Cidade con textos do historiador tudense Suso Vila, quen hoxe destacaba ese patrimonio coma único en Galicia. Suso Vila, fillo do fotógrafo Juan Vila, mencionou os máis de 300 mil negativos con que conta a súa familia, e apuntou a posibilidade de realizar unha retrospectiva do seu pai en 2017 coincidindo co centenario do seu nacemento.

Novas da Raia

MELGAÇO

Câmara Municipal de Melgaço e BICMINHO unem-se para apoiar empresários

No próximo dia 5 de Fevereiro vai ter lugar um seminário subordinado ao tema 'Associativismo empresarial: uma ferramenta de crescimento'. Será às 18,00 horas no Salão Nobre da autarquia melgacense.

A Câmara Municipal de Melgaço é defensora do tecido empresarial melgacense e pautou, desde sempre, a sua atuação mostrando disponibilidade em colaborar com todas as iniciativas que o possam reforçar e fortalecer. Em 2015 foram desenvolvidos contatos junto da autarquia por parte de empresários que defendiam a criação de uma Associação Empresarial do concelho. A autarquia desde logo acolheu e abraçou este projeto. A 14 de outubro foi realizada uma reunião, durante a qual o Presidente da Câmara, Manoel

Batista, declarou total disponibilidade para apoiar a criação deste fórum capaz de reforçar a ação individual de cada empresário. Esta semana, decorreu mais uma reunião de trabalho com vista à concretização do desejo de muitos empresários locais: a criação da Associação Empresarial de Melgaço. A Câmara Municipal apoia esta intenção e está disposta a ajudar na concretização deste objetivo, entendendo que o associativismo empresarial é uma ferramenta de crescimento e de desenvolvimento. Manoel Batista



entende ser este o caminho de futuro que permitirá dar dimensão a projetos ambiciosos e capazes de solidificar o tecido económico de Melgaço.

A autarquia, e sempre com o propósito de ajudar o tecido empresarial, organiza já no próximo dia 5 de fevereiro, às 18h00, no Salão Nobre, um seminário dedicado ao tema "Associativismo Empresarial: Uma ferramenta de Crescimento" em parceria com o BICMINHO, entidade com a qual será nesse mesmo dia assinado um protocolo de colaboração

MONÇÃO

Museu do Alvarinho ultrapassou 10 mil visitantes

O Museu do Alvarinho, localizado na Casa do Curro, imóvel do século XVII, foi comentadas, encontros promocionais e estabelecimento de parcerias negociais.

Inaugurado no dia 28 de fevereiro do presente ano, contabilizando, em pouco mais de nove meses de vida, a visita de 10.178 pessoas de diferentes idades e nacionalidades. Destes, 7980 são de nacionalidade portuguesa e 2198 são estrangeiros dos cinco continentes.

Estes números revelam que aquele equipa-

mento, situado em pleno centro histórico da localidade, representa, no dia de hoje, uma aposta consolidada e um trunfo valioso na defesa e divulgação do Vinho Alvarinho, potenciando as suas características endógenas e as empresas locais dedicadas à sua produção.

As empresas de Vinho Alvarinho com produto rotulado, tantas e tantas vezes premiadas em concursos nacionais e internacionais, encontram neste espaço "uma porta de acesso" para a valorização dos seus produtos, bem como um "ponto de encontro" para provas



"Sociedade Transportes Floridos, LDA" concentra serviços no pólo empresarial da Lagoa



A empresa "Sociedade de Transportes Floridos, Lda", dedicada ao transporte, armazenagem e logística, adquiriu um lote de terreno com uma área global de 2989 metros quadrados no Pólo Empresarial da Lagoa para concentrar naquele espaço toda a atividade da empresa. O contrato-promessa de compra e venda entre a Câmara Municipal de Monção, e a "Sociedade de Transportes Floridos, Lda", foi celebrado esta manhã na Câmara Municipal de Monção.

Com a execução deste investimento, a "Sociedade de Transportes Floridos, Lda" pretende criar um número mínimo de 21

postos de trabalho, os quais serão preferencialmente ocupados por naturais ou residentes no concelho de Monção.

A dinamização do Pólo Empresarial da Lagoa tem sido assumida pelo executivo monçanense como uma questão prioritária na gestão municipal.

A "Sociedade de Transportes Floridos, Lda", distinguida como PME de Excelência 2014 pelo IAPMEI, vai localizar-se junto à "Suido Automocion, Lda", empresa de fabrico de componentes automóveis que um lote de terreno com uma área total de 3460 metros quadrados para instalação de uma nova unidade industrial.

A GUARDA

Reunión do Alcalde e hosteleiros guardeses co Presidente de Portos de Galicia

O alcalde de A Guarda acompañado pola Concelleira de Turismo e por dous hosteleiros da localidade estiveron o pasado mes de xaneiro, nas dependencias de Portos de Galicia en Pontevedra. Nesta reunión co Presidente de Portos, o xefe de Portos da zona Sur e o vixiante da zona, o alcalde Antonio Lomba trasladou de novo as principais demandas do concello da Guarda a Portos de Galicia.

Unha das principais problemáticas que hai no porto da Guarda é a falta de seguridade vial provocada pola libre circulación de vehículos pola rúa peonil, polo que urxe garantir a seguridade dos peóns e vian-dantes da Vila así como dos turistas que visitan a zona especialmente nos meses de verán.

O alcalde, co apoio dos hosteleiros, propuxo limitar a accesibilidade dos vehículos coa instalación dun bolardo retráctil; proposta ben acollida polos representantes do ente establecéndose a posibilidade dun convenio que regule a súa xestión.

O alcalde demandou tamén unha solución aos problemas de tráfico no vial do porto. Portos de Galicia propuxo asinar un convenio para que sexa a policía local quen faga o control do aparcamento. O Alcalde contemplou esa posibilidade sempre

que a competencia das posibles sancións fora cedida ao concello.

Tamén se falou do estado da plataforma do ferry, moi deteriorada; do repintado do espigón norte, sinal de identidade para A Guarda e da mellora do entorno do Museo do Mar.

Finalmente o Alcalde demandou de Portos a instalación de pantaláns flotantes para

regular o atraque e así eliminar o fondeo na pasaxe e que beneficiarian tanto aos profesionais como as embarcacións deportivas; pero o máis importante é que se trata dun servizo aos máis de 100 pescadores que fan a campaña de pesca no río durante seis meses e que dende fai dous anos pasan as súas capturas pola lonxa.



Nova sesión de "Contos Contados"

O pasado sábado, 9 de xaneiro, celebrouse unha nova sesión de "Contos Contados" na biblioteca municipal da Guarda.

Nesta ocasión os nenos e nenas da vila puideron disfrutar da historia da "Rata linda de Compostela" do escritor Bernardino Graña.

Tras coñecer este conto os nenos e nenas traballaron, xunto coa bibliotecaria, a través de diferentes exercicios e xogos co libro.

O Concello da Guarda a través deste tipo de iniciativas quere achegar a biblioteca aos veciños e veciñas da localidade e ademais fomentar a lectura.



ENTROIDO 2016

VENRES 5
"ENTROIDO DOS COLES"
 A partir das 12:00 todas as coles dan o inicio do noso
ENTROIDO GUARDÉS!
 (Alameda - Rúa Galicia - O Galo)

DOMINGO 7
"DÍAS DAS FAMILIAS"
 Día para celebrar o entroido cos teus. Durante a tarde **FESTA DE DISFRACES** coa actuación da orquestra **SONORA**. (Disfrázate en Familia e recibe un agasallo)

SÁBADO 6
"SÁBADO DE ENTROIDO"
 Ás 11:00 Contos contados e Obradoiro de máscaras na Biblioteca.
 Ás 17:30 Cinema de entroido "Rio2" (Disfrázate e leva un agasallo).
 Ás 19:00 Foliada de Entroido coa actuación de OS MONIFATES na Alameda e Tarde de **HOMES e MULLERES**. As mulleres serán homes, e os homes serán mulleres. (Transfórmate e recibe un agasallo).
 Ás 23:30 Concerto de Entroido cos grupos **THE WINNING NUMBERS** e **SAN ROCKERS**.

LUNS 8
"DÍA DOS NENOS"
 Durante a tarde **FESTA INFANTIL** con DJ's, Sorpresas, Xogos...
NON quedes na casa!

MARTES 9
"DÍA DO DESFILE"
 Ás 17:30 desfile-concurso de entroido e actuación da orquestra **YUKATAN**.

Do 4 ó 9 come e cea a teu caído nos restaurantes da Guarda adheridos a campaña "Menú de Entroido"



Novas da Raia

TUI

Tui acolheu parte da gravación do documental “De Rosendo a Rosendo” que se emitirá en Australia

O equipo estivo onte en Tui tomando imaxes da casa natal do bispo Rosendo Salvado ou dos documentos relacionados con el que se gardan no arquivo diocesano

“De Rosendo a Rosendo” é o título do documental encargado pola Embaixada de España en Australia para promocionar a figura de España e que ao tempo servirá para promocionar Tui e a Nova Nursia. Esta gravación audiovisual toma coma punto de partida a viaxe de Rosendo Salvado a Australia e retrata ao tempo a figura de Rosendo Salvado plasmando a Tui, a súa cidade natal, e a Roma, o lugar onde faleceu.

Precisamente onte estivo en Tui o equipo dirixido por Ian Iumsden, director do documental. A casa natal de Rosendo Salvado, o Concello, as cubertas e o claustro da

Catedral, así coma o arquivo diocesano foron algúns dos lugares elixidos para a gravación. Concretamente no arquivo diocesano o seu director, Avelino Bouzón, amosou á equipa de rodaxe fotografías, documentos e cartas de Salvado, así coma o cartel que en 1945 conmemoraba os 100 anos da partida do bispo de Tui. A gravación e posterior proxección deste documental en Australia suporá unha importante promoción de Tui nese país onde a figura do bispo Salvado conta con gran relevancia.

A música de Rosendo Salvado será protagonista en Australia da man da pianista tudense Andrea Gonzá-

lez, quen ofrecerá un concerto o 24 de marzo en Nova Nursia, amais de dar a coñecer a música do bispo tudense aos estudantes da Australian National University en Canberra. Cómpre lembrar que Andrea González realizou unha labor de investigación sobre a obra musical de Salvado co gallo do bicentenario do seu nacemento.

